

# **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DIA 26 DE ABRIL DE 2012.**

## ASISTENTES:

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

- D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D<sup>a</sup>. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Balmorta, sendo as 20:00 horas do día vinte e seis de abril de dous mil doce, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S ANTERIOR/ES**

Coñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada en data 23/02/2012, pregunta o alcalde se hai algo que dicir de dita acta, pide a palabra o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas para

indicar que no apartado de rogos e preguntas falta a contestación do Alcalde o rogo de que se volva o modelo de antes de recibo de padróns de auga e lixo, que foi que si; di o alcalde que xa se voltou a ese modelo de recibo, a continuación, por unanimidade, con 11 votos; a favor cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada en data 23/02/2012 coa rectificación indicada nos considerandos en relación co punto de rogos e preguntas.

## **2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 16 REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO**

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día

### **<<PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 16, REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

Visto o escrito da Consellería de Traballo e Benestar, Secrearía Xeral, Servizo de Inspección nas Áreas de Familia e menores, que tivo entrada neste Concello en data 17/04/2012 co nº 505, no que se solicita enmenda para a modificación do Regulamento de réximen interior do PAI de Boimorto e así se poida proceder ó seu visado pola Xunta de Galicia, segundo o disposto no decreto 254/2011 de 23 de decembro.

Visto expediente para a aprobación da modificación do Regulamento do funcionamento do PAI de Boimorto; visto informe de secretaría de data 23704/2012, propono que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Sendo necesaria a adaptación do Regulamento á normativa actualmente vixente é necesario que se ratifique o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia que se aprobe inicialmente a modificación do Regulamento do PAI de Boimorto que se transcribe como anexo.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do día seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo, queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

### **ANEXO**

.....

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Sendo necesaria a adaptación do Regulamento á normativa actualmente vixente que se ratifique o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia que se aprobe inicialmente a modificación do Regulamento do PAI de Boimorto o cal se transcribe como anexo.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días

hábiles, que comenzarán a contarse a partir do día seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## **ANEXO**

### **MODIFICACIÓN ORDENANZA Nº 16.- REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA)**

#### **CAPÍTULO I**

#### **OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

##### **Artigo 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Boimorto, así como, o procedemento de adxudicación de prazas e regular o dito procedemento de adxudicación no PAI, dependente do Concello de Boimorto en materia de solicitudes de novo ingreso, renovación de prazas e cobertura de vacantes que se poidan producir. Así mesmo, establecer os dereitos e deberes, as normas de funcionamento e os aspectos de réxime interior do PAI, segundo as determinacións da Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais e Decreto 254/2011 de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais, RD 329/2005 de 25 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

.....  
**Os datos identificativos do centro son :**

**Enderezo:** Praza Campo da Feira núm. 2

**Teléfono:** 981538507

**Fax:** 981516045

**Responsable:** Alcalde do Concello de Boimorto

**Titular:** Concello de Boimorto

**Xestión do servizo:** directa

**Nº de inscrición no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais:** E-0628

**Representante do Concello:** o alcalde

**Autorización data de permiso de inicio de actividade:** 9/03/2010

**Os servizos ofertados polo centro son:**

-Asistencia ó PAI de luns a venres, en horario normal e fóra deste horario cos incrementos sinalados na ordenanza fiscal deste servizo.

.- Asistencia ó PAI por horas.

.- Servizos complementarios de comedor e transporte.

### **Artigo 6.- DEREITOS DOS USUARIOS**

Todos os usuarios, por eles mesmos, ou a través dos seus representantes legais, ostentan os seguintes dereitos:

- .....
- a) **Todos os/as nenos/as teñen dereito a satisfacer as súas necesidades de afecto, relación, xogo e acción, así como, o respecto á súa integridade física e moral.**
  - b) **Recibir unha formación que asegure, alomenos, a consecución dos obxectivos mínimos contemplados no proxecto educativo do centro.**
  - c) **Que se respecte a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, nas que os seus pais ou representantes legais queiran educalos, así como, a súa intimidade no que respecta a tales creencias ou convicións.**
  - d) **Que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non poidendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.**
  - e) **Que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade.**
  - f) **Que a súa actividade no PAI se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.**
  - g) **O centro gardará reserva de toda clase de información que dispoña acerca das circunstancias persoais e familiares do neno/a.**

### **Artigo13.- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.**

.....

- Carné de vacinacións actualizado ou das páxinas na libreta sanitaria infantil onde haxa anotacións, **no caso de non contar con carné de vacinas un informe do/a pediatra que indique que a/o nena/o non padece enfermidade infecto-contaxiosa.**

.....

### **Artigo 31.- ORGÁNICA E PERSOAL DE ATENCIÓN ÓS NENOS/AS**































**Son deberes e dereitos do persoal:**

**Deberes:**

- a) **Respectar as normas que rexen o PAI.**
- b) **Programar, desenvolver e avaliar a actividade educativa do PAI.**
- c) **Velar polo proceso de maduración dos/as nenos/as.**
- d) **Manter contacto de forma permanente cos pais ou representantes legais dos/as nenos/as .**
- e) **Non entregar ningún neno/a matriculado no PAI a calquera persoa distinta de pais ou representantes legais, se non hai autorización expresa para isto.**
- f) **Tratar con educación e respecto a todo o persoal do Concello.**
- g) **Acudir a cantas citacións se lles curse por parte da Dirección do PAI.**
- h) **Acatar as disposicións sancionadoras por incumprimento das súas funcións.**
- i) **Velar polo mantemento das normas básicas en materia de sanidade e hixiene, ademais da seguridade dos/as nenos/as.**

**Dereitos:**

- a) **Os recollidos na lexislación vixente como traballadores laborais do Concello.**
- b) **A ser informados/as das enfermidades contaxiosas e alerxias sufridas polos alumnos.**
- c) **A ser informados das posibles anomalías de conduta que requiran unha acción conxunta.**
- d) **A ser tratados con respecto e consideración por parte de calquera membro da comunidade educativa.**
- e) **A unha praza no centro para os seus fillos, sempre que as idades dos mesmos estean comprendidas dentro das idades do PAI , co fin de conciliar a súa vida familiar e laboral.**

### **Artigo 33.- CONTRATACIÓN DE SEGURO, PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E DE EMERXENCIAS**

O punto de atención á infancia contará cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes, **así como, cun plan de autoprotección e de emerxencias.**

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Para o non previsto neste regulamento estarase ó disposto na Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e regulamentos que a desenvolven, e na **Lei 13/2008 de 3 de decembro** de servizos sociais, Lei 3/1997 de 9 de xuño, lei galega da familia, a infancia e adolescencia, **Decreto 254/2011 de 23 de decembro** polo que se regula o réxime de autorización de centros de servizos sociais o Decreto 329/2005, de 28 de xullo, que regula os centros de menores e os centros de atención á infancia, e, demais, normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores.

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85,

reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril. Comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **3.- PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO**

Pola secretaria procédese á lectura da proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

#### **<<PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO**

Visto a necesidade de adaptación do acordo municipal nº 12 regulador do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio ó establecido no Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Visto expediente tramitado para a aprobación destas modificacións no acordo antedito.

Visto informe de secretaría de data 23/04/2012.

Propoño previa aceptación da urxencia deste acordo sen dictaminar pola Comisión informativa por non estar listo o expediente para dito dictame e ante as necesidades de adaptación á normativa vixente, (ACÉPTASE A URXENCIA, POR UNANIMIDADE, CON 11 VOTOS A FAVOR; CINCO DOS CONCELEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE, CINCO DOS CONCELEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP E UN DO CONCELEIRO DO GRUPO MIXTO) que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Sendo necesaria a adaptación do acordo municipal nº 12 regulador do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio ó establecido no Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que na súa consecuencia, se aprobe inicialmente a modificación deste, tal e como que se transcribe en anexo a esta proposición .

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do día seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

#### **ANEXO**

#### **MODIFICACIÓN DO ACORDO MUNICIPAL Nº 12 REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.**

#### **2.- OBRIGADOS Ó PAGO USUARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA**

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o **servizo de axuda no fogar que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións as persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte recurso idóneo.**

**2.- Determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar.**

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

**3. No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no parágrafo anterior:**

a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

**3.-BASE IMPONIBLE:**

Os efectos previstos para aplicación das tarifas que a continuación se sinalan, establece o prezo da hora por prestación do servizo en 12 euros/hora, revisable potestativamente segundo resolva a Alcaldía Presidencia anualmente segundo o índice de prezos ó consumo que fixe o Goberno.

**3.1 Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar.**

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

3.1.1. Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	Grao I		Grao II		Grao III	
Nivel I	Nivel II Nivel I		Nivel II Nivel I		Nivel II □	
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200 % e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250 % e menor ou igual ao 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300 % e menor ou igual ao 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350 % e menor ou igual ao 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400 % e menor ou igual ao 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450 % e menor ou igual ao	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%

500% IPREM						
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.1.2. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

3.1.3. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

3.2. Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006 aplicarase a seguinte táboa:

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAD básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,5	Entre o 60% e o 90%

3.2.1 Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3.3.-De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso os ingresos recaudados en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo deste servizo social comunitario estarán afectados ao financiamento dos servizos que reciban.

#### 4.- CONDICIÓN S DE PAGO:

As liquidacións de prezos practícaranse por meses naturais, facéndose o aboamento por domiciliación, na caixa da corporación ou nas distintas contas abertas pola corporación en entidades financeiras con sucursal no termo municipal.

a) Os abonos mensuais das cotas de co-financiación realizaranse preferentemente mediante unha domiciliación bancaria previa autorización do usuario. Se estes pagos non se puidesen facer efectivos por calquera motivo - inexistencia de fondos ou outros- , o beneficiario do servizo será apercibido de inmediato, responsabilizándose dos gastos que isto ocasione. Se é reincidente, e tras valora-lo caso, causará baixa no Servizo de Axuda a Domicilio sen dereito a reserva da súa praza pasará a engrosa-la lista de espera.

b) Si existise un motivo suficientemente xustificado, e tras unha valoración previa, poderá eximirse ó beneficiario do pago mediante domiciliación, ocupándose o mesmo do pago directo na entidade bancaria nun prazo convenientemente fixado.

c) Cando un usuario vaia a estar ausente do seu domicilio terá que comunicalo ó Departamento de Servizos sociais sexa cal sexa a causa, se a ausencia supera a mensuralidade deixará de ser beneficiario do servizo, sen prexuízo de reserva de praza cando a ausencia foi motivada por motivos de hospitalización.

d) Se a algún dos beneficiarios non se lle prestara o servizo por causas non imputables a él mesmo, léase por ausencia da traballadora familiar ou outros inconvenientes derivados da organización interna do servizo, terá dereito a un desconto proporcional ó tempo que estivo sen atender á hora de abonar a cota mensual.

#### **5.- EXENCIÓNS:**

**De conformidade co artigo 44.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RD legislativo 2/2004 de 5 de marzo, estarán exentas do pago do prezo público os beneficiarios seguintes:**

**a) As persoas que residan soas nun domicilio con ingresos precedentes da percepción de pensións de contía inferior á pensión mínima de xubilación da Seguridade Social.(tamén estarán exentos os beneficiarios da Pensión non contributiva).**

**b) Previo acordo plenario persoas, cónxuxes e familias por razóns motivadas de emerxencia social previo informe dos servizos sociais do Concello de Boimorto.**

#### **6.- NORMAS DE XESTIÓN:**

#### **7.- OBRIGA DE PAGAMENTO:**

##### **Disposición derogatoria**

**Queda sen efectos o acordo municipal plenario regulador do prezo público do servizo de axuda no fogar publicado no BOP N° 152 de 07-07-2009 e no BOP n°230 de 2 de decembro de 2011 no que contradigan esta modificación .**

##### **Disposición final.**

**O presente acordo que modifica o prezo público polo servizo de axuda a domicilio, foi aprobado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 26/4/2012, entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.**

**Contra esta modificación do regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.**

Boimorto o 23 de abril de 2012

O alcalde

Asdo.-José Ignacio Portos Vázquez>>

Sinala a secretaria que non está fixada a porcentaxe de participación no custe do servizo das persoas usuarias en libre concorrència e non pode aprobarse así.

En aplicación do artigo 92 do ROF plantexa a Alcaldía que o asunto quede sobre a mesa aplazándose a súa discusión para a próxima sesión correxindo dito erro na proposta, por unanimidade, con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE,

cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**UNICO.-** Que este expediente quede sobre a mesa aplazándose a súa discusión para a seguinte sesión.

#### **4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BOIMORTO**

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

##### **<<PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE BOIMORTO**

Vista a disposición derradeira primeira do Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e que establece a necesaria adaptación das ordenanzas municipais ó establecido neste decreto no prazo máximo de dezaioito meses a contar dende o día seguinte o da súa publicación ( DOG nº 63 de 30/03/2012) .

Visto o expediente tramitado para esta modificación do Regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Boimorto.

Pola presente propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Sendo necesaria a adaptación do Regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Boimorto ó establecido no Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento., que na súa consecuencia, se aprobe inicialmente a modificación deste tal e como que se transcribe en anexo a esta proposta.

**SEGUNDO.-** Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

#### **ANEXO**

.....

Sen máis intervencións con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do PP, e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Sendo necesaria a adaptación do Regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Boimorto ó establecido no Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento., que na súa



consecuencia, se aprobo inicialmente a modificación deste tal e como que se transcribe en anexo a esta proposta.

**SEGUNDO.-** Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## **ANEXO**

### **MODIFICACIÓN REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE BOIMORTO.**

#### **Capítulo I**

##### **Disposicións xerais**

##### **Artigo 1º.-Obxecto.**

É obxecto deste regulamento no marco das competencias municipais en materia de servizos sociais ó amparo do 25.2K) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local e Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia , a regulación do funcionamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Boimorto ( con sede rúa Vilanova nº 1 - 15817 Boimorto departamento de servizos sociais teléfono 981 516075 fax 981516045) ( **registro como entidade prestadora de servizos sociais E-628 data de autorización da actividade 15/06/2009**) adaptada a Lei galega de Servizos Sociais 13/2008 de 3 de decembro, , o decreto 143/2007 de 12 de xullo polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, á Orde de data 22/1/2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, publicada no DOG nº 22 de data 2/2/2009, sendo necesaria dita modificación para establecer un novo marco regulador unha vez aprobada a Lei 39/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia , do servizo de axuda no fogar establecendo pautas que aseguren un nivel equitativo de atención a todas as persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal desenvolvido por calquera das entidades prestadoras de servizos sociais legalmente recoñecida..

##### **Artigo 2º.- Definición natureza e obxectivos do servizo.**

**1. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual,**

especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo.

**2.- Natureza do servizo:** O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

O servizo de axuda no fogar (SAF) poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

Tamén, con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar, poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

**3. Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:**

.....

**Artigo 3º.-Contido do servizo.**

**1. No servizo de axuda no fogar, de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso, poderán prestarse os seguintes tipos de actuacións de carácter básico:**

**a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio como**

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia

**b) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia. Se é o caso, determinadas tarefas domésticas, como lavandaría e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizos específicos.**

Entre estas :

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

**c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.**

**d) Ademais, para os supostos expresados no último párrafo do apartado 2 do artigo anterior, as atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar.**

**2. O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións de carácter complementario:**

**a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.**

**b) Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.**

**c) Adaptacións funcionais do fogar.**

**d) Servizo de podoloxía a domicilio.**

**e) Servizo de fisioterapia a domicilio.**

**3. Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e o Concello de Boima entidade titular, no cal se recollerá o contido particular das atencións que se prestarán, a programación temporal da prestación, a intensidade horaria e os compromisos de ambas as partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda.**

**4. En todo caso, e sen prexuízo da execución de todas as tarefas contidas no correspondente acordo de servizo, o conxunto de atencións do programa de axuda no fogar terá un carácter de apoio e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu medio inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.**

**Artigo 4º.-Persoas destinatarias.**

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

**Artigo 5º.-Dereitos das persoas usuarias.**

.....

7. A **calidade do servizo e a** presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

**8.- A acceder e utilizar o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.**

**9.-A recibir información de xeito áxil, suficiente e veraz sobre recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.**

**10.- A ter asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.**

**11.- A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.**

**12.- Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade dos servizos sociais comunitarios desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego**

#### **Artigo 9º.-Formas de prestación do servizo.**

**1. O Concello prestarán o servizo público de axuda no fogar, ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.**

**2. Non obstante a súa natureza de servizo público, as entidades privadas poderán realizar a prestación dun servizo privado de axuda no fogar en réxime de libre mercado sempre que cumpran os requisitos de autorización e acreditación legalmente establecidos.**

**3. As entidades privadas non poderán subcontratar a execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendendo por tal as atencións de carácter básico, regular e continuado, realizadas no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria do servizo. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, así como as que non teñan carácter regular, as que se poidan executar fóra do domicilio ou sexan un reforzo das atencións básicas.**

**4. O servizo público de axuda no fogar poderá prestarse mediante fórmulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito público, de acordo co establecido na lexislación vixente.**

**5.- Actualmente o servizo está asumido en xestión directa polo Concello.**

#### **Artigo 10º.-Requisitos específicos e de funcionamento**

**1.2.- O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas en situación de dependencia valorada terán que estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.**

**Antes do 31/12/2015 quedará adaptado a estes requisitos de cualificación todo o persoal que atenda a usuarios dependentes valorados.**

.....

## **Artigo 11º.-Modalidades de acceso ao servizo.**

**O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:**

**1. O acceso será prioritario e directo para persoas ás cales, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Para estes efectos o concellos titular do servizo, cando sexa o caso, procederán a dar de alta as persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos.**

**2. As persoas para as que o programa individual de atención determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás cales se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.**

**3. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia en aplicación do baremo contido neste Regulamento.**

**4. De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.**

**5. Nos supostos recollidos nos números 3º e 4º deste artigo empregarse o baremo recollido no Anexo I deste Regulamento.**

Disposición derogatoria

Queda derogado no que se contradiga con esta modificación o Regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Boimorto publicado no BOP nº 193 de data 2/9/2009.

### **Disposicións derradeira**

A presente modificación foi aprobada polo Pleno do Concello de Boimorto en sesión ordinaria de data 26/04/2012 e entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

### **5.- PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 15 REGULADORA DO FUNCIONAMENTO E PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA NO CENTRO DE MAIORES DO CONCELLO DE BOIMORTO**

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

**<<PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 15 REGULADORA DO FUNCIONAMENTO E PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA NO CENTRO DE MAIORES DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

Vista a necesidade de incrementos destes prezos públicos de servizos de podoloxía e fisioterapia que serán prestados non só ós usuarios/as do Centro de maiores do Concello de Boimorto senón tamén ós usuarios/as da Miniresidencia e Centro de día, a pesar da suba non dan cobertura os custes por sesión de podoloxía contratada a 14€ e a cobertura do salario e cotas patronais da fisioterapeuta contratada para a Miniresidencia.

Solicitando se acepte a urxencia deste acordo sen dictaminar para a entrada en vigor destas modificacións ós efectos de poder soste os servizos e prestalos eficientemente.

Considerando a necesidade de modificación destes prezos públicos e considerando que segundo o disposto no artigo 44 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, *o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.*

*Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior consignando no orzamento dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante de existir esta.*

En base a todo o anterior, propoño que o Pleno, previa aceptación do tratamento deste punto da orde do día sen dictaminar, (ACEPTOUSE POR UNANIMIDADE, CON 11VOTOS A FAVOR; CINCO DOS CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG PSOE, CINCO DOS CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP E UN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MIXTO ESTE TRATAMENTO) **ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Modificar a Ordenanza nº 15 reguladora do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía nos termos do anexo ó presente acordo.

**SEGUNDO.-** Aprobar a modificación anexa.

**TERCEIRO.-** Procederáse a insertar no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiros de edictos da Corporación e na páxina web esta modificación os efectos oportunos para a súa entrada en vigor.

**ANEXO**

.....

Sinala o Alcalde que se incrementan en 2€ as sesións, de 6 € pasan a 8€, tanto fisioterapia como podoloxía recordando que as sesións de fisioterapia non se cobraran ós residentes na Miniresidencia xa que entran dentro do prezo mensual.

Pregunta o concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro se as sesións serán de trinta minutos di o Alcalde que si.

Sen máis intervencións, por maioría, con 6 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto así como con cinco abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Modificar a Ordenanza nº 15 reguladora do funcionamento e prezos publicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía nos termos do anexo ó presente acordo.

**SEGUNDO.-** Aprobar a modificación anexa .

**TERCEIRO.-** Procederáse a insertar no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiros de edictos da Corporación e na páxina web esta modificación os efectos oportunos para a súa entrada en vigor

**ANEXO**

**ACORDO MUNICIPAL Nº 15.- REGULADOR DO FUNCIONAMENTO E PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS DE FISIOTERAPIA E PODOLOXIA**

**1.- OBXECTO:**

.....

A prestación destes servizos está enmarcada dentro do programa de atención primaria especializada dirixido ó colectivo de persoas con dificultades de autonomía ou con risco de dependencia (persoas maiores e discapacitadas). Esta actividade desenvolverase **na Miniresidencia e Centro de día de Boimorto para os seus usuarios e os do Centro Social de Maiores de dependencia Municipal e puntualmente en domicilios particulares de requirilo a persoa usuaria dependente** dentro do programa de atención persoal e atención ás persoas dependentes.

### 3.- OBRIGADOS O PAGO :

Colectivo de persoas beneficiarias dos servizos ( **e usuarios da Miniresidencia e Centro de día** ) con dificultades de autonomía para o desenvolvemento de actividades básicas da vida diaria ou persoas maiores en estado de vulnerabilidade de perda de autonomía. Son requisitos para ser beneficiario do servizo:

-Estar empadroadado no Concello.

-Haber residido cinco anos en territorio español e os dous últimos inmediatamente anteriores a data de solicitude, de acordo co establecido no arti. 5 da Lei 39/2006 de 14 de decembro de Autonomía Persoal e Atención ás persosa en situación de dependencia. E reunir unha das seguintes condicións:

-Ter máis de 65 anos

-Ter unha minusvalía superior ó 65% ou invalidez absoluta.

-Ser pensionista do sistema público de pensións con 60 anos cumpridos.

### 4.- XESTIÓN E TRAMITACIÓN:

A entidade local a través do Departamento de Servizos Sociais asume a responsabilidade de planificación, control e xestión do servizo .

Os usuarios destes servizos ( **que non sexan usuarios da Miniresidencia e Centro de día**) deberán presenta-la solicitude en prazo indicado en resolución da Alcaldía publicada no taboleiro de anuncios do concello en modelo oficial que será facilitado no departamento de servizos sociais do Concello . As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello e deberán ir acompañadas da seguinte documentación

**Non será necesaria esta solicitude para os servizos de fisioterapia para os usuarios da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto nin se cobrará prezo a estos usuarios por Fisioterapia sendo un servizo o que se ten dereito có pago da mensualidade .**

**A organización das sesións de podoloxía e fisioterapia dos usuarios da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto exceptúase da necesidade de presentación de solicitude.**

### 7.-CONTÍA E PAGO:

Estes servizos financiaráanse con cargo ó Concello, ás subvencións doutras administracións, e os prezos públicos ingresados polos usuarios seguindo os seguintes criterios:

O custo dos servizos quedan establecidos en:

.- **8 €** a sesión de 30 minutos para fisioterapia (esta tarifa que poderá modificarse cada ano por resolución da Alcaldía coa subida do I.P.C.) **Están exentos deste pago por sesión de fisioterapia os usuarios da Miniresidencia e Centro de día**

- **8 €** bono para a atención por podoloxía unha sesión. **(esta tarifa que poderá modificarse cada ano por resolución da Alcaldía coa subida do I.P.C.)**

Forma de pago:

As liquidacións practícaranse mediante emisión de bonos que serán recollidos no Concello unha vez notificada a concesión do/s servizo/s ingresando na caixa municipal ou conta do Concello indicada polos servizos sociais prezo público correspondente polo número de bonos emitidos para o período concedido, a adquisición dos bonos e ingreso dos prezos públicos realizarase no prazo de 10 días hábiles .

A non asistencia non xustificada pode ser causa de extinción do disfrute do servizo, as xustificacións de non asistencia presentaránse no departamento de servizos sociais.

**O pago dos servizos de podoloxía polos usuarios da Miniresidencia e do Centro de día de Boimorto será mensual xunto coa domiciliación liquidada por estancia na Miniresidencia ou uso do Centro de día.**

## **9.- ASPECTOS FUNCIONAIS**

O material para o servizo de fisioterapia será costeado polo Concello, pero no servizo de podoloxía será a entidade concesionaria a que asuma o custe de dito material.

Inicialmente sen prexuízo de cambios de horario ou ampliacións por resolución da Alcaldía que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, o servizo de fisioterapia prestaráse **tódolos meses salvo o mes de agosto**, o servizo de podoloxía tódolos meses salvo o mes de agosto, ambos servizos **nos horarios que se organicen polo Departamento de servizos sociais baixo a xefatura de persoal da Alcaldía .**

As sesións de fisioterapia serán individuais de 30 minutos sen prexuízo de concesión dunha hora con dous bonos a beneficiarios necesitados, **ou ante as necesidades do/a usuario/a.**

As sesións de podoloxía prestaránse individualmente polo tempo necesario para unha boa prestación do servizo.

**O persoal do servizo de podoloxía nunca será considerado** persoal do Concello de Boimorto e terá as titulacións ou formación necesaria conforme a normativa aplicable para a prestación destes servizos.

**Levárase un libro de usuarios polo persoal de fisioterapia e polo contratista dos servizos de podoloxía .**

No departamento de Servizos Sociais do Concello estará a disposición dos beneficiarios libro de reclamacións e suxerencias.

**En ningún caso o contratista do servizo de podoloxía cobrará as tarifas establecidas neste regulamento**, mensualmente presentará factura cós requisitos legais polos servizos prestados o mes anterior que previa aprobación polo órgano municipal competente permitirá o cobro dos servizos prestados efectivamente.

## **10.- DISPOSICIÓN FINAL:**



**Este regulamento de funcionamento ( e as súas modificacións ) dos servizos de podoloxia e fisioterapia aprobado na sesión plenaria de data 22/05/2008 entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.**

## **6.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE**

Pola secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<Vista a solicitude de compatibilidade para actividade pública presentada por D.<sup>a</sup> María Abad Costoya, persoal laboral temporal do Concello de Boimorto, a xornada completa como limpadora, na que solicita a concesión de compatibilidade para desempeñar outra actividade como celadora, traballadora temporal na Consellería de Sanidade.

Visto informe de Secretaría de data 23/04/2012.

Tendo en conta que segundo a Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal o Servizo das Administracións Públicas que sinala:

### **“Artículo 1.**

**1. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley no podrá compatibilizar sus actividades con el desempeño, por sí o mediante sustitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el Sector Público, salvo en los supuestos previstos en la misma.**

A los solos efectos de esta Ley se considerará actividad en el sector público la desarrollada por los miembros electivos de las asambleas legislativas de las Comunidades Autónomas y de las corporaciones locales, por los altos cargos y restante personal de los órganos constitucionales y de todas las Administraciones Públicas, incluida la Administración de Justicia, y de los entes, organismos y empresas de ellas dependientes, entendiéndose comprendidas las entidades colaboradoras y las concertadas de la Seguridad Social en la prestación sanitaria.

**2. Además, no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en esta Ley, más de una remuneración con cargo a los presupuestos de las Administraciones Públicas y de los entes, organismos y empresas de ellas dependientes o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel, ni ejercer opción por percepciones correspondientes a puestos incompatibles.**

A los efectos del párrafo anterior, se entenderá por remuneración cualquier derecho de contenido económico derivado, directa o indirectamente, de una prestación o servicio personal, sea su cuantía fija o variable y su devengo periódico u ocasional.

**3. En cualquier caso, el desempeño de un puesto de trabajo por el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley ser incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometerse imparcialidad o independencia.**

### **Artículo 2.**

1. La presente Ley será de aplicación a:

El personal civil y militar al servicio de la Administración del Estado y de sus Organismos Públicos.

El personal al servicio de las Administraciones de las Comunidades Autónomas y de los organismos de ellas dependientes, así como de sus asambleas legislativas y órganos institucionales.

**El personal al servicio de las corporaciones locales y de los organismos de ellas dependientes**

### Artículo 3.

1. El personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley solo podrá desempeñar un segundo puesto de trabajo o actividad en el sector público en los supuestos previstos en la misma para las funciones docente y sanitaria, en los casos a que se refieren los artículos 5 y 6 y en los que, por razón de interés público, se determinen por el Consejo de Ministros, mediante Real Decreto, u órgano de Gobierno de la Comunidad Autónoma, en el ámbito de sus respectivas competencias; en este último supuesto la actividad solo podrá prestarse en régimen laboral, a tiempo parcial y con duración determinada, en las condiciones establecidas por la Legislación Laboral.

**Para el ejercicio de la segunda actividad será indispensable la previa y expresa autorización de compatibilidad, que no supondrá modificación de jornada de trabajo y horario de los dos puestos y que se condiciona a su estricto cumplimiento en ambos.**

*En todo caso la autorización de compatibilidad se efectuará en razón del interés público.*

2. El desempeño de un puesto de trabajo en el sector público, delimitado en el párrafo segundo del apartado 1 del artículo primero, es incompatible con la percepción de pensión de jubilación o retiro por derechos pasivos o por cualquier régimen de Seguridad Social público y obligatorio.

La percepción de las pensiones indicadas quedará en suspenso por el tiempo que dure el desempeño de dicho puesto, sin que ello afecte a sus actualizaciones.

Por excepción, en el ámbito laboral, ser compatible la pensión de jubilación parcial con un puesto de trabajo a tiempo parcial.

### Artículo 6.

1. Sin perjuicio de lo previsto en el artículo 4. 3, excepcionalmente podrá autorizarse al personal incluido en el ámbito de esta Ley la compatibilidad para el ejercicio de actividades de investigación de carácter no permanente, o de asesoramiento científico o técnico en supuestos concretos, que no correspondan a las funciones del personal adscrito a las respectivas Administraciones Públicas.

Dicha excepción se acreditará por la asignación del encargo en concurso público, o por requerir especiales calificaciones que sólo ostenten personas afectadas por el ámbito de aplicación de esta Ley.

2. El personal investigador al servicio de los Organismos Públicos de Investigación, de las Universidades públicas y de otras entidades de investigación dependientes de las Administraciones Públicas, podrá ser autorizado a prestar servicios en sociedades creadas o participadas por los mismos en los términos establecidos en esta Ley y en la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación, por el Ministerio de la Presidencia o por los órganos competentes de las Universidades públicas o de las Administraciones Públicas.

### Artículo 9.

**La autorización o denegación de compatibilidad para un segundo puesto o actividad en el sector público corresponde al Ministerio de la Presidencia, a propuesta de la Subsecretaría del Departamento correspondiente, al órgano competente de la Comunidad Autónoma o al pleno de la corporación local a que figure adscrito el puesto principal, previo informe, en su caso, de los directores de los organismos, entes y empresas públicas.**

Dicha autorización requiere además el **previo informe favorable del órgano competente de la Comunidad Autónoma o pleno de la corporación local, conforme a la adscripción del segundo puesto.** Si los dos puestos correspondieran a la Administración del Estado, emitir este informe la Subsecretaría del Departamento al que corresponda el segundo puesto.

### Artículo 10.

**Quienes accedan por cualquier título a un nuevo puesto del sector público que con arreglo a esta Ley resulte incompatible con el que vinieran desempeñando habrán de optar por uno de ellos dentro del plazo de toma de posesión.**

**A falta de opción en el plazo señalado se entender que optan por el nuevo puesto, pasando a la situación de excedencia voluntaria en los que vinieran desempeñando.**

**Si se tratara de puestos susceptibles de compatibilidad, previa autorización, deberán instarla en los diez primeros días del aludido plazo de toma de posesión, entendiéndose prorrogado en tanto recae resolución.”**

Propoño que o Pleno municipal en aplicación desta normativa **ACORDE**:

**PRIMEIRO.-** Denegar a compatibilidade solicitada por D.<sup>a</sup> María Abad Costoya, persoal laboral temporal do Concello de Boimorto, a xornada completa como limpadora, para desempeñar outra actividade como celadora, traballadora temporal na Consellería de Sanidade.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada ós efectos oportunos.

Boimorto 23 de abril de 2012

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG- PSOE, cinco dos concelleiros do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Denegar a compatibilidade solicitada por D.<sup>a</sup> María Abad Costoya, persoal laboral temporal do Concello de Boimorto a xornada completa limpadora, para desempeñar outra actividade como celadora, traballadora temporal na Consellería de Sanidade.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada ós efectos oportunos.

## **7.- PROPOSTA DE INVENTARIAR MÁQUINAS DE AUGA**

Pola secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<Visto o escrito con entrada no Concello nº 396 en data 30/03/2012, presentado por D. Juan Carlos Vázquez Veiga con DNI nº 33262414K como administrador da empresa Artesavend S.L. con CIF B70003819 no que fai constar a instalación gratuíta dunha máquina de auga na Miniresidencia e Centro de día de Boimorto valorada en 650€ máis o iva.

Resultando que o Concello estaría interesado na adquisición desta máquina de auga pola súa necesidade no Centro e que segundo o establecido no artigo 10 do Regulamento de bens das entidades locais, éstas poden adquirir bens e dereitos por heranza, legado ou doación, sen que a dita doazón leve aparelada ningunha condición onerosa.

Sendo a competencia, para esta adquisición, da Alcaldía máis considerando necesaria a súa elevación para o Pleno ós efectos da súa contabilización e rexistro en inventario.

Visto que o ben non ten carga e se considera adecuada a súa valoración polos servizos técnicos municipais, propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a doación ofrecida a este Concello por Juan Carlos Vázquez Veiga con DNI nº 33262414K como administrador da empresa Artesavend S.L. con CIF B70003819 dunha máquina de auga na Miniresidencia e Centro de día de Boimorto valorada en 650€ máis o iva, doación sen condición.

**SEGUNDO.-** Notificar ó cedente este acordo de aceptación da doación ós efectos oportunos e rexístrase no inventario de bens desta Corporación tras acordo asinado por ambas partes no que conste dita doación gratuíta e a súa aceptación por este Concello.

Boimorto 23 de abril de 2012

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Explica o Alcalde que se solicitou a instalación de máquinas de vending na Miniresidencia e a mellor oferta das empresas, esta empresa oferta a doación dunha máquina de auga e ofertaba ademáis mellores prezos en conxunto dos produtos de vending.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a doación ofrecida a este Concello por Juan Carlos Vázquez Veiga con DNI nº 33262414K como administrador da empresa Artesavend S.L. con CIF B70003819 dunha máquina de auga na Miniresidencia e Centro de día de Boimorto valorada en 650€ máis o iva, doación sen condición.

**SEGUNDO.-** Notificar ó cedente este acordo de aceptación da doación ós efectos oportunos e rexístrase no inventario de bens desta Corporación tras acordo asinado por ambas partes no que conste dita doación gratuíta e a súa aceptación por este Concello.

### **8.-RATIFICACIÓN DO DECRETO 73/2012 DO PCC 2008/2011**

Pola secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

#### **<<PROPOSTA RATIFICACIÓN DO DECRETO 73/2012 DO PCC 2008/2011**

Por non celebrarse sesión ordinaria do Pleno no mes de marzo, esta Alcaldía con data 30/03/2012 dictou o decreto número 73/2012 en relación coa solicitude de participación deste Concello no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña e que se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 73 / 2012 **Data decreto:** 30/03/2012 **Descrición decreto:** Participación no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011.

**DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )**

Vista a documentación que consta no expediente para solicitar a subvención relacionada co Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, así como as bases que rexen este plan.

Visto o proxecto presentado en duplicado exemplar redactado por D. Ángel Delgado Cid en marzo de 2012.

En uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local, polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización do investimento que se indica de seguido:

DENOMINACION	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
“Captaciones en Rodieiros para la red municipal de abastecimiento de agua”	97.681,14	4.944,41	92.736,73
TOTAL	97.681,14	4.944,41	92.736,73

Remitir o correspondente proxecto técnico á Deputación, quedando pendiente de aprobación polo pleno da Corporación.

**SEGUNDO.-** Declarar que o concello está tramitando a obtención dos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

**TERCEIRO.-** Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

**CUARTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

**QUINTO.-** Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Seguridade Social.

**SEXTO.-** Someter ao Pleno da Corporación o contido do presente decreto para a súa ratificación.

Boimorto trinta de marzo de dous mil doce

O Alcalde

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Ratificar na súa integridade o Decreto da Alcaldía número 73/2012 procedendo á aprobación do proxecto da obra remitido á Excma. Deputación Provincial.

**SEGUNDO.-** Remitir certificación deste acordo á Sección de Plans Provinciais da Deputación Provincial da Coruña.

Boimorto, 23 de abril de 2012

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos>>

Explica o alcalde que esta obra está financiada co que sobrou do PCC doutros anos, pregunta o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas en que consiste este Plan, explícase por parte de Alcaldía de que é un plan de cooperación cós Concellos, sobrou unha parte tras a obra de Brates e queda para este proxecto complementario pola baixa que houbo. Explica que se pretenden realizar canalizacións das augas e as fincas que se pretenden adquirir para obtención de augas, preguntando cales son o concelleiro D. Elisardo Montero Castro o que se lle explica pola Alcaldía.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar na súa integridade o Decreto da Alcaldía número 73/2012 procedendo á aprobación do proxecto da obra remitido á Excm. Deputación Provincial.

**SEGUNDO.-** Remitir certificación deste acordo á Sección de Plans Provinciais da Deputación Provincial da Coruña.

### **9.- RATIFICACIÓN DO DECRETO 86/2012 DO PEIM**

Pola secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

#### **<<PROPOSTA RATIFICACIÓN DO DECRETO 86/2012 DO PEIM**

Por razóns de urxencia, esta alcaldía con data 03/04/2012 dictou o decreto número 86/2012 en relación coa obra incluída no PEIM “Mellora e conservación de camiños existentes en Dormeá, Cardeiro, Sendelle e Corneda (Concello de Boimorto) e que se transcribe literalmente:

**<<Decreto:** 86 / 2012 **Data decreto:** 03/04/2012 **Descrición decreto:** Aceptación e compromiso de aceptación obra Mellora e conservación de camiños existentes en Dormeá, Cardeiro, Sendelle e Corneda (Concello de Boimorto) PEIM Rural ano 2012.

#### **DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )**

Vista a urxente necesidade de aceptación a execución da obra do PEIM Mellora e conservación de camiños existentes en Dormeá, Sendelle e Corneda (Concello de Boimorto) PEIM Rural 2012; segundo escrito con n.º rexistro de entrada 423 de data 03/04/2012 da Consellería de Medio Rural no que se comunica a necesidade de aceptación da actuación a executar.

En uso das facultades outorgadas polo artigo 21.1k) da lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Mellora e conservación de camiños existentes en Dormeá, Sendelle e Corneda (Concello de Boimorto) PEIM Rural 2012.

.- Comprometerse a posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorización legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.

.- Renunciar expresamente a reter a achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da obra de referencia.

.- Asumir unha vez recepcionada a obra provisionalmente a previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da mesma.

.- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.

.- Manifestar expresamente o compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72 P1 do Regulamento (C.E) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos de execución

c)Que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución

d)Que resulten, ben dun cambio de natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade productiva.

.- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito Concello.

- Acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

**SEGUNDO.-** Certificación deste decreto sexa remitida á Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural e do Mar e dése conta deste decreto ao Pleno da Corporación na próxima sesión que celebre para a súa ratificación.

Boimorto tres de abril de dous mil doce

O Alcalde

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar na súa integridade o Decreto da Alcaldía número 86/2012.

**SEGUNDO.-** Remitir certificación deste acordo á Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural e do Mar.

Boimorto, 23 de abril de 2012

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

A continuación o alcalde indica que polo límite económico tiveron que sacar un camiño, explica o PEIM e di que a cantidade correspondente a Boimorto este ano ascende a 62.476,76€ e pídelles á secretaria que sinale os camiños ós que afecta e se indican a continuación:

**Camiño de Segade (Dormeá)**

**Camiño en Costa da Vila (Dormeá)**

**Camiño de Outeiro -Curro Pequeno (Corneda)**

**Camiño de Pazo - A Mella (Sendelle )**

**Camiño de Proente - Campo do Olo (Dormeá)**

**Camiño en Piñeiro (Dormeá)**

**Camiño de Xesteira - Igrexa (Cardeiro)**

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar na súa integridade o Decreto da Alcaldía número 86/2012 en relación cos camiños do PEIM:

Camiño de Segade (Dormeá)

Camiño en Costa da Vila (Dormeá)

Camiño de Outeiro -Curro Pequeno (Corneda)

Camiño de Pazo - A Mella ( Sendelle )

Camiño de Proente - Campo do Olo (Dormeá)  
Camiño en Piñeiro (Dormeá)  
Camiño de Xesteira - Igrexa (Cardeiro)

**SEGUNDO.-** Remitir certificación deste acordo á Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural e do Mar.

### **10.- PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DOS REGULAMENTOS DE FUNCIONAMENTO DA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA**

Pola secretaria dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratamento e aceptada polo Pleno municipal, por unanimidade, con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

#### **PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DOS REGULAMENTOS DE FUNCIONAMENTO DA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA .**

Estando en funcionamento a Miniresidencia e Centro de día de Boimorto obsérvanse necesarias modificación dos Regulamentos de funcionamento dos centros que afectan non so a aspectos funcionais senón tamén os prezos públicos tal e como se reflexa en anexo a esta proposición.

Visto expediente tramitado para a aprobación destas modificacións dos Regulamentos de funcionamento da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto. Visto informe de Secretaría de data 23/04/2012.

Propoño previa aceptación da urxencia deste acordo sen dictaminar pola Comisión informativa por non estar listo o expediente para o dito dictame e ante as necesidades funcionais dos centros, que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

#### **ANEXO**

.....

Sinala o Alcalde que trala posta en funcionamento do centro vese a necesidade de adaptación dos regulamentos, explicando o cambio do custe por habitación individual. Pregunta o concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro que o transporte se cobra a todos os usuarios, resposta o Alcalde que a tarifa fixada e para usuarios do centro de día, pregunta o concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro se este custe por transporte e novo e resposta o Alcalde que non se agrava nada que xa estaba que se aclara, se mellora corríxense cousas.

Sen máis intervencións, por maioría, con 6 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, e un do concelleiro do grupo mixto e cinco abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP sinalando o Alcalde que non pode entender estas abstencións nin en que se basan, o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Sendo necesaria a adaptación dos Regulamentos de funcionamento da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto que se ratifique o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, se aprobe inicialmente a modificación destes tal e como que se transcribe no anexo a esta proposición.



**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederáse á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## **ANEXO**

### **MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA MINIRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

#### **Artigo 5.- Permiso de inicio da actividade.**

A Miniresidencia conta co permiso de inicio de actividades concedido pola Xunta de Galicia con data **10/10/2011** e ten capacidade para 23 persoas maiores residentes considerando unha praza de enfermería.

O centro xerontolóxico está localizado na rúa Gándara do Concello de Boimorto.

**O teléfono do centro é: 981516210**

#### **Artigo 6.- Datos identificativos.**

Nome da entidade: **Residencia para persoas maiores de Boimorto**

Enderezo da entidade: Rúa da Gándara, 15817 Boimorto (A Coruña)

Nº de rexistro como entidade prestadora de servizos sociais: **E-0628**

#### **Artigo 61.- Fianza e reserva da praza.**

Neste caso, o centro poñerá a disposición do representante do residente ou dos seus herdeiros os obxectos persoais do falecido, tan pronto como sexan reclamados. O cobro por parte da Residencia dos gastos ocasionados e non pagados efectivamente polo óbito contemplarase na liquidación final xa que son de cargo e conta do residente.

**Devolverase a fianza no caso de falecemento do residente previa compensación dos gastos realizados pola Miniresidencia.**

## **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

**A presente modificación do regulamento que contén 61 artigos e unha disposición derradeira foi aprobado polo Pleno do Concello de Boimorto en sesión de data 26/04/2012; entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.**

**Contra esta modificación do regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.**

### **ANEXO III**

#### **PREZOS PÚBLICOS**

##### **Estancia :**

Dependente Grado 3 Prezo Público 1.240€ exento de IVE.

Dependente Grado 2 Prezo Público 1.023€ exento de IVE.

Dependente Grado 1 Prezo Público 930 € exento de IVE.

Usuario en risco futuro de ser dependente 775€ exento de IVE.

De variar o nivel de dependencia do/as usuario/as durante a súa estancia na Miniresidencia farase efectivo o prezo pola situación nova unha vez recoñecida oficialmente.

Días soltos 24 horas Prezo Público 60€ exento de ive para todo tipo de usuario.

Festivos, Sábados ou Domingos 24 horas Prezo Público 75€ exento de ive para todo tipo de usuario.

**De querer habitación individual e non dobre incrementarase mensualmente o prezo en 100€ (prorrateo para días soltos por 30 días) mais non serán incrementados os prezos se no momento de ingreso a Miniresidencia so conta con habitación individual, sen prexuízo de cambio a habitación dobre no mesmo momento en que exista unha cama.**

##### **Outros servizos complementarios:**

Marcaxe roupa 100 € exento IVE.

Menús 4,50 € exento IVE.

**Por acompañamento á visita médica con persoal do centro 10€ se hai uso de transporte municipal 20€.**

## **MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

### **Artigo 4.- Coordinación entre os servizos.**

O Centro de día funcionará de forma coordinada **coa Miniresidencia sita** no mesmo inmovible complementándose mutuamente e garantindo unha utilización racional e eficaz dos recursos.

As instalacións do Centro de día e do Centro de día poderán servir sen detrimento da súa finalidade esencial de apoio para a prestación doutros servizos sociais e asistenciais.

### **Artigo 5.- Permiso de inicio da actividade.**

Ou Centro de día conta co permiso de inicio de actividades concedido pola Xunta de Galicia con data **10/10/2011** e ten capacidade para 30 usuarios e está situado na rúa Gándara do Concello de Boimorto.

### **Artigo 6.- Datos identificativos.**

Nome da entidade: **Centro de día para persoas maiores de Boimorto**

Enderezo da entidade: Rúa da Gándara, 15817 Boimorto (A Coruña)

Nº de rexistro como entidade prestadora de servizos sociais: **E-0628**

**Teléfono : 981516210**

### **Artigo 9.-Organización do persoal e funcións**

O Centro de día dispón dun organigrama actualizado compartido coa Miniresidencia que indica os postos de responsabilidade e as súas funcións e darase a coñecer xunto coas súas modificacións, usuarios, familiares e traballadores. O dito organigrama coas funcións de cada traballador está recollido na memoria de iniciativa pública da actividade económica aprobada polo Pleno municipal en sesión de data **27/07/2011** e sen prexuízo de variacións adoptadas pola Dirección baixo a xefatura directa da Alcaldía do Concello que será xefe de todo o persoal do centro.

Todo o persoal implicado no centro velará polo seu correcto funcionamento e supervisión de todas as instalacións e material do centro e transmitirá calquera anomalía observada na coordinación da entidade á Comisión Técnica de valoración avaliación e seguimento.

### **Artigo 10.- Servizos básicos persoais**

o Aloxamento.

Entenderase por estancia o uso das áreas e servizos comúns do Centro de día estando incluídos o mantemento e limpeza das referidas zonas.

o Servizo de alimentación.

Incorpora os servizos de elaboración e servizo **de comidas que corresponden os usuarios do centro de día (non cea)**. Os menús axustaranse ás necesidades e preferencias dietéticas dos usuarios/as e estarán expostos nun lugar público e asinados polo médico/a, o cociñeiro/a e a

dirección do centro. Fomentárase a opinión e participación activa do residente na elaboración dos menús.

#### **Artigo 12.- Servizos externos a cargo do usuario/a.**

o Excursións programadas polo Concello de Boimorto nas que o **usuario** poderá acollerse de forma voluntaria.

o Servizos prestados por profesionais externos.

#### **Artigo 14.- Réxime de visitas.**

Non centro de día entendido como un recurso de estancia unicamente diurna, de luns a venres, **non se contempla** a necesidade de establecer un horario de visitas para os usuarios/as, mais en determinadas ocasións especiais de forma esporádica e posible aceptar unha determinada visita no centro, sempre que a familia avise con antelación e esta visita non supoña unha interrupción importante nas actividades pautadas para ou usuario do centro.

#### **Artigo 20 .- Sobre o servizo de transporte.**

O servizo limitarase a zona sinalada pola Dirección do Centro establecéndose unha quenda de recollida inicial as 8,00 horas coas diferentes paradas establecidas polo centro e as acordadas coas familias e outra ás 19,00 horas de regreso á casa, tendo en conta a posible modificación de horarios e rutas en función de novas incorporacións e situacións extraordinarias que podan ocorrer sempre mediante previo aviso á familia e persoal do centro. **Pode haber variación nos horarios de entradas e saídas por necesidades do centro.**

#### **Artigo 21 .- Sobre a atención ofrecida.**

Garantírase a atención integral dos usuarios/as no conxunto das súas necesidades básicas de alimentación, hixiene persoal e coidados xerais. **Correspondentes os usuarios do centro de día.**

**Así mesmo, os usuarios que non se vallan polos seus propios medios facilitaráselles o aseo persoal e cada vez que as circunstancias motivadamente así o esixan.**

**Existirá persoal de vixilancia e atención.**

#### **Artigo 30.-Dereitos do usuarios**

Seguindo o artigo 6 da Lei 13/2008 de 13 de decembro de Servizos Sociais, todo usuario/a do Centro de día de Boimorto gozará dos seguintes dereitos:

1. O respecto da dignidade da persoa, da súa autonomía e intimidade e do seu benestar orientará a actuación pública e a actividade das persoas profesionais do Centro de día.
2. Recoñécese o dereito ó goce do **Centro de día** e dos seus servizos en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, situación familiar, discapacidade, ideoloxía, crenzas, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, económica ou social.

.....

11. A recibir unha tarxeta **do centro de día** carácter persoal e intransferible que lles acredite como titulares do dereito de acceso ós servizos desta.

16. Todos os usuarios/as teñen dereito a coñecer ós profesionais do centro e dereito a coñecer quén é a persoa ou persoas ás que pode dirixir as súas preguntas ou solicitar informacións sobre cuestións relacionadas co centro, a súa organización, a súa estancia nel, e a ser recibido en horarios convenientes para ámbalas dúas partes.

17. Todos/as os/as usuarios/as teñen dereito a exercer os seus dereitos individuais, con especial alusión ó exercicio da vida afectiva . Teñen dereito os servizos do Centro de día.

**Artigo 31.- Exercicio e concreción dos ditos dereitos.**

#### **31.4. Dereito a autonomía.**

Ós efectos do presente regulamento, enténdese por autonomía a posibilidade de actuar e pensar de forma independente, incluída a disposición de asumir certos niveis de risco calculado. En garantía do respecto e do exercicio da súa autonomía, as persoas usuarias poderán exercer os seguintes dereitos, atendendo, segundo a súa natureza, o carácter residencial ou de atención diúrna do centro:

Ser consideradas capaces de elixir o seu propio estilo de vida dentro das normas básicas de convivencia da propia organización e de participar na adopción das decisións que lles afecten directa ou indirectamente.

Ser consultadas, regularmente, acerca das cuestións que atanen á organización do servizo, as prácticas ordinarias da atención e as pautas de relación que se establecen entre as persoas usuarias e as persoas profesionais.

Rexeitar a participación nas actividades e tratamentos nos que non desexa participar.

Participar nas diferentes asembleas, comités, grupos de traballo e actividades que se organicen.

A participar e colaborar nos servizos e actividades que sexan organizadas nestes recursos, aportando iniciativas, ideas e suxerencias.

Neste dereito respectarase a toda persoa usuaria, excepto en casos de probada discapacidade mental. Neste último caso, consultarase sobre as súas preferencias á persoa representante legal ou ós seus familiares.

#### **31.5. Dereito a elección.**

Enténdese por dereito de elección a posibilidade de elixir libremente entre unha serie de opcións.

En garantía do seu exercicio, as persoas usuarias exercerán os seguintes dereitos, atendendo, segundo a súa natureza, ó carácter residencial ou de atención diúrna do centro:

Ter acceso, se o desexan, a todos os demais recursos comunitarios sanitarios, sociais, de ocio e educativos.

Darse de baixa no servizo se así o desexan.

**Participar nas decisión que lles afectan directa ou indirectamente, se o desexan, asumindo certos niveis de risco calculado.**

**Artigo 33.- Das normas de convivencia.**

.....A utilización de aparatos de radio estará condicionada a que non molesten os/as compañeiros/as.

**Para evitar posibles accidentes, poñerase especial coidado en deixar os grifos pechados e as luces apagadas ó saír da habitación.**

**Durante as horas de descanso, evite todo aquilo que poida molestar ó resto dos usuarios/as.**

**Queda totalmente prohibido fumar. Non se permite beber alcohol.**

Este servizo non se fai responsable do extravío das prendas que non estean marcadas, para que a marcaxe sexa realizada polos servizos propios do Centro terase que aboar o prezo público correspondente.

Establécese como medida hixiénica o cambio diario de roupa interior.

Cando o persoal do Centro observe mala imaxe no/a **usuario** por estar mal vestido ou aseado, con roupa sucia ou en mal estado, indicaráselle para que o corrixa.

Os usuarios/as deberán acudir á consulta por sí mesmos, sempre que poidan facelo.

Cando o usuario necesite trasladarse a algún centro especializado, deberá facelo pola súa conta ou contar coa axuda dos seus familiares. En caso de non ter familia, e ser urxente a súa atención, un traballador do Centro poderá acompañalo baixo pago das tarifas marcadas.

Os familiares serán os que se fagan cargo do residente se é hospitalizado.

**Artigo 38.- Desaparece este artigo na redacción anterior pasando a ser o 39 38 os apartados adaptados á nova numeración.**

#### **TÍTULO IV : O INGRESO DO USUARIO**

**Artigo 38.- A vontade do usuario.**

**Artigo 39.- Documentación necesaria para o ingreso Solicitud de Anexo I.**

**Artigo 40.- Entrega do Regulamento de Réxime Interior.**

**Artigo 41.- Período de proba.**

**Artigo 42.- Formalización do contrato. Forma e Anexos.**

**Artigo 43.- Documentación acreditativa das condicións do usuario.**

**Artigo 44.-Estudo das solicitudes e elaboración de lista de espera.**

**Artigo 45.- Efectividade da condición de usuario.**

**Artigo 46 .- Sobre o expediente individual.**

9. Observacións sobre a convivencia do usuario no centro.

## **TÍTULO V : ÓRGANOS DE XESTIÓN E DA PARTICIPACIÓN DOS USUARIOS.**

**Artigo 47.- Participación dos usuarios na Asemblea Xeral.**

**Artigo 48.- Sistema de recollida de suxestións e canalización e resolución de queixas ou reclamacións. Libro de reclamacións.**

**Artigo 49.- Comisión de avaliación, seguimento e valoración.**

## **TÍTULO VI: DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN DO RÉXIME SANCIONADOR DAS PERSOAS USUARIAS DOS SERVIZOS SOCIAIS.**

**Artigo 50.- Das infraccións das persoas usuarias da Miniresidencia.**

**Artigo 51. Infraccións leves.**

**Artigo 52. Infraccións graves.**

**Artigo 53. Infraccións moi graves.**

**Artigo 54. Sancións.**

**Artigo 55. Do procedemento sancionador.**

## **TÍTULO VII: RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 56.- Prezos Públicos**

**Artigo 57.- Réxime de modificación dos prezos**

**Artigo 58.- Forma e período de pago**

**Artigo 59.- Fianza e reserva da praza.**

### **59.1 A Fianza.**

No momento da sinatura do contrato, o usuario ou o seu representante depositará unha fianza correspondente a unha mensualidade. Esta fianza devolveráselle ó usuario en caso de baixa do centro, unha vez deducidas aquelas cantidades pendentes de cobro pola entidade. No caso de baixa do usuario sen aviso previo cunha antelación de 15 días non se procederá a devolución da fianza **Devolveráse a fianza previa compensación dos gastos correspondentes no caso de falecemento do usuario.**

## **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

**A presente modificación do regulamento que contén 60 artigos e unha disposición derradeira foi aprobado polo Pleno do Concello de Boimorto en sesión extraordinaria de data 26/04/2012 e entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.**

**Contra esta modificación do regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.**

#### **ANEXO I**

#### **SOLICITUDE DE INGRESO CENTRO DE DÍA BOIMORTO**

#### **ANEXO III**

#### **PREZOS PÚBLICOS**

##### **Estancia :**

Servizo de Centro de día, todo ou día, Prezo Público 695,20€ exento de IVE.

Servizo de Centro de día, en media xornada con comida. Prezo Público 486,64€ exento de IVE.

Servizo de Centro de día, en media xornada sen comida. Prezo Público 347,60€ exento de IVE.

##### **Outros servizos :**

Transporte : 120€ IVE incluído.

Aseo semanal especial : 20€ exento IVE.

Días soltos. Prezo Público 40€ exento de IVE.

Horas soltas. Prezo Público 6€ exento de IVE.

##### **Outros servizos complementarios:**

Marcaxe roupa 100€ exento IVE.

Menús 4,50 € exento IVE.

**Por acompañamento á visita médica con persoal do centro 10€ se hai uso de transporte municipal 20€.**

#### **11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS**

Pola secretaria procédese á lectura da proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

##### **<<PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS.**

Visto o expediente tramitado para a aprobación neste Concello dun Regulamento do programa de axudas de alimentos.

Visto informe de Secretaría de data 23/04/2012.

Tendo en conta que para un trato igualitario e obxectivo así como proporcional desta axuda a necesidade deste Regulamento propono que o Pleno municipal adopte o presente **ACORDO:**



**PRIMEIRO.-** Sendo necesario o Regulamento que se transcribe como anexo ó presente acordo ratifícase o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, apróbase o Regulamento do programa de axudas de alimentos que se transcribe como anexo.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril

### ANEXO

.....

Di o Alcalde que o que se pretende é regular este servizo e que exista informe social que xustifique a situación económica e persoal dos usuarios e o ser beneficiarios destas axudas, para que non haxa discriminacións.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Sendo necesario o Regulamento que se transcribe como anexo ó presente acordo ratifícase o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, apróbase o Regulamento do programa de axudas de alimentos que se transcribe como anexo.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril

### ANEXO

#### **Regulamento do programa de axudas de alimentos.**

##### **Artigo 1- Fundamentación:**

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, encomenda aos poderes públicos de Galicia á obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e

dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e felicitando a participación de todos os galegos e galegas na vida económica, cultural e social.

O artigo 27 da norma estatutaria no seu apartado 23, atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, competencia en materia de asistencia social. Por outra banda, a Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 25.2.K) como competencia municipal a prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, establece que o sistema galego de servizos sociais rexerese, entre outros, polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación. Ademais no capítulo II da Lei faise referencia ao catálogo de servizos sociais, e concretamente no artigo 21.2 b) inclúese dentro das prestacións económicas as axudas de emerxencia social e necesidade social.

#### **Artigo 2-Obxecto:**

Este regulamento ten por obxecto o reparto dos alimentos que se reciben varias veces da Unión Europea, xunto cos que o Concello poida entregar en ocasións puntuais.

#### **Artigo 3- Beneficiarios:**

Poderán beneficiarse das axudas citadas anteriormente as persoas individuais ou unidades familiares do Concello de Boimorto.

Entenderase por unidade familiar o núcleo de convivencia composto por dúas ou máis perosas vinculadas por matrimonio ou calquera outra relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o 3º grao.

#### **Artigo 4- Requisitos dos solicitantes:**

A) Ser maior de idade ou menor emancipado.

B) Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Boimorto a lo menos con 6 meses de antigüidade no momento da solicitude (sen perxuízo de poder recibilos sen estar empadroados, pero con residencia efectiva, e presentar extrema necesidade).

C) Acreditar a situación de necesidade de alimentos.

D) Que a unidade familiar non dispoña dos ingresos suficientes para afrontar a cobertura desta necesidade básica segundo o establecido na seguinte táboa:

<b>CONVIVINTES</b>	<b>LIMITE DE INGRESOS</b>
1	Ate o 100% do IPREM
2	Ate o 120% do IPREM
3	Ate o 140% do IPREM
4	Ate o 160% do IPREM
5	Ate o 180% do IPREM
6	Ate o 200% do IPREM
7	Ate o 220% do IPREM
8	Ate o 240% do IPREM
9 ou máis	Ate o 260% do IPREM

O IPREM de referencia será o anual formado por 14 pagas.

Para o cálculo teránse en conta os ingresos que perciba no momento da solicitude o solicitante ou as persoas que conforman a unidade familiar en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios ou por calquera outro concepto.

En caso de unidades familiares onde exista mala relación entre os seus membros poderánse ter en conta os ingresos económicos de parte da unidade familiar previa valoración do/a traballador/a social.

#### **Artigo 5- Tipoloxía das axudas:**

As axudas consisten no reparto directo dos alimentos ás persoas ou familias beneficiarias sen que esto repercuta nun gasto para as mesmas.

#### **Artigo 6- Incompatibilidades:**

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda polo mesmo concepto, por parte doutros organismos, entidades ou administracións públicas.

#### **Artigo 7- Procedemento:**

##### **7.1- Inicio:**

O procedemento iníciase mediante impreso de solicitude presentado nos servizos sociais do Concello de Boimorto xunto coa debida documentación relativa a todos os membros da unidade familiar:

- Solicitude (Anexo I)
- Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar e/ou libro de familia se fose o caso.
- Xustificantes dos ingresos económicos actuais a través de certificados de pensións, nóminas dos últimos 6 meses, tarxeta de demandante de emprego e/ou certificado do INEM das prestacións por desemprego, extractos das contas bancarias dos últimos 6 meses
- Declaración responsable do solicitante ou membro afectado da unidade familiar na que se faga constar no seu caso a carencia absoluta de ingresos.
- Declaración responsable de non percibir outras axudas polo mesmo concepto.
- Outros documentos específicos que sexan necesarios para a correcta valoración da solicitude.

##### **7.2- Instrución:**

No departamento de servizos sociais procederase á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, podendo o/a traballador/a social solicitar tanta información considere precisa para o correcto diagnóstico da situación e emitirse un informe social coa valoración correspondente.

Na valoración teránse en conta dous factores:

Valoración económica: procederáse ó cálculo da capacidade económica segundo o baremo do solicitante e dos demais membros da unidade familiar. Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os obtidos por cada un dos membros da mesma en relación ós últimos 12 meses. Os ingresos anuais dividiránse entre o número de membros da unidade familiar obtendo así os ingresos per cápita desta. No caso de que algún membro da unidade familiar non poida demostrar documentalmente a percepción de ingresos, poderá presentar declaración responsable da carencia absoluta dos ingresos. Para acceder á concesión da axuda, os ingresos non poderán exceder dos límites establecidos na táboa do artigo 3. En caso contrario, o indicador económico, será motivo da denegación da axuda, non sendo xa precisa a posterior valoración social.

Valoración social: O órgano instructor procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, a través das técnicas e instrumentos propios da profesión, coa

finalidade de emitir un correcto diagnóstico social da situación. O/A traballador/a social emitirá informe social coa valoración correspondente.

### **7.3- Resolución:**

A solicitude, a documentación e o correspondente informe social será elevado á Alcaldía ou ó órgano en quen delegue para que emita a resolución, na que polo menos quedarán reflexados os datos identificativos do expediente e a motivación da concesión ou denegación.

O prazo para ditar resolución será de tres meses a contar dende a data da solicitude. A resolución será notificada ó beneficiario xunto co réxime de recursos correspondente.

### **7.4- Repartos:**

Unha vez se reciban no Concello os alimentos, este procederá á prelación dos paquetes para a distribución dos mesmos entre os beneficiarios do programa, quenes deberán recollelos nas datas e horarios nos que se lles notifique. Excepcionalmente, para aqueles usuarios que xustifiquen importantes dificultades de desprazamento para pasar a recoller os alimentos, realizarase o reparto a domicilio garantíndose por parte do Concello as adecuadas condicións de seguridade e hixiene e na maior brevidade posible.

### **7.5- Seguemento:**

Levarase a cabo un seguemento anual do programa no cal se lle enviará a cada beneficiario un escrito para que aporte nova documentación para comprobar se segue a ter dereito ó servizo.

### **Artigo 8- Obrigas dos beneficiarios:**

Os/as beneficiarios/as destas axudas estarán obrigados a:

- Destinar a axuda ó fin para o que foi concedida.
- Permitir e facilitar a labor do/a traballador/a social para verificar a súa situación familiar e económica.
- O cumprimento das condicións que se establezan para a concesión das axudas destinadas a superar a situación de necesidade.
- Comunicar ós servizos sociais calquera variación sobrevida na unidade familiar que poida dar lugar á modificación ou extinción da axuda.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Este Regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **ANEXO I.**

Solicitude

Datos do solicitante:

Nome e apelidos

Enderezo

Parroquia  
Teléfono  
Composición da unidade familiar:

Datos económicos do solicitante:

Datos económicos dos demais membros da unidade familiar:

Outros datos de interese:

Documentación que adxunta:

## **12.- PROPOSICIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2012 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2012**

Pola Secretaría dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratamento é aceptada polo Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

### **<<PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 26/04/2012**

Visto o expediente tramitado para a creación dunha partida para adquisición de parcelas destinadas o servizo de abastecemento de auga potable creando a seguinte partida

A) Partida **16.621 Benestar comunitario inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos servizos terreos e bens naturais 70.000€ a financiar con:**

**29.450,94€ Remanente de tesourería para gastos xerais.**

**17.088,21€ Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada.**

**16.449,71€ Baixa por anulación da partida 15.627 aforro enerxético e mellora de saneamentos.**

**7.011,14€ Baixa por anulación da partida 23.627 inversións na Miniresidencia e Centro de día.**

Visto informe de Secretaría a esta modificación de data 23/04/2012.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2012.

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sen dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica :

Creando a seguinte partida

A) Partida **16.621 Benestar comunitario inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos servizos terreos e bens naturais 70.000€ a financiar con:**

**29.450,94€ Remanente de tesourería para gastos xerais.**

**17.088,21€ Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada.**

**16.449,71€ Baixa por anulación da partida 15.627 aforro enerxético e mellora de saneamentos.**

**7.011,14€ Baixa por anulación da partida 23.627 inversións na Miniresidencia e Centro de día.**

**SEGUNDO.-** Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente o aforro en gasto de depuración de auga .

**TERCEIRO.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2012, crédito para estes gastos no capítulo 6 o estar as partidas non incluída en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

**CUARTO.** - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Boimorto 23 de abril de 2012  
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Signalá o Alcalde que con esta dotación preténdese a adquisición de parcelas necesarias para a execución da obra do PCC tratada noutro punto da orde do día e que están en Rodieiros, e que permitirán a captación de novas augas para o abastecemento, e así reducir custes de depuración e abastecemento. Pregunta o concelleiro do grupo mixto polo consumo actual diario e a posibilidade de fugas; resposta o Alcalde que é de 500m<sup>3</sup> aproximadamente e que queren mercar unha máquina de detección de fugas, nos meses de verán pásase a un millón de litros. Pregunta o concelleiro do grupo mixto se teñen feito cálculo do aforro desta inversión e di o Alcalde que en dous ou tres anos está rentabilizada esta inversión.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica :

Creando a seguinte partida

A) Partida **16.621 Benestar comunitario inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos servizos terreos e bens naturais 70.000€ a financiar con:**

**29.450,94€ Remanente de tesourería para gastos xerais.**

**17.088,21€ Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada.**

**16.449,71€ Baixa por anulación da partida 15.627 aforro enerxético e mellora de saneamentos.**

**7.011,14€ Baixa por anulación da partida 23.627 inversións na Miniresidencia e Centro de día.**

**SEGUNDO.-** Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente o aforro en gasto de depuración de auga.

**TERCEIRO.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2012, crédito para estes gastos no capítulo 6 o estar as partidas non incluída en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

**CUARTO.** - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

**13.- PROPOSICIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 3/2012 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2012**

Pola Secretaría dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratamento é aceptada polo Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

**<<PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A  
CELEBRAR EN DATA 26/04/2012**

Visto o expediente para modificación a realizar no Orzamento do exercicio 2012 e á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un suplemento de crédito tal e como segue:

**Partida 16.629 PCC suplementase na contía de 4.944,41€ financiados con transferencia da partida 23.627.**

Visto informe de Secretaría a esta modificación de data 23/04/2012.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2012.

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sen dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación vía suplemento de crédito, partida **16.629 PCC suplementase na contía de 4.944,41€ financiados con baixa por anulación da partida 23.627.**

**SEGUNDO.-** Considerar este gasto específico e determinado, e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente o aforro en gasto de depuración de auga.

**TERCEIRO.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2012, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

**CUARTO.** - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, artigo 177 do TRLRFL e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Explica o Alcalde que con este expediente dótase partida para a aportación municipal á obra do PCC tratada noutros puntos deste Pleno.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación vía suplemento de crédito, partida **16.629 PCC suplementase na contía de 4.944,41€ financiados con baixa por anulación da partida 23.627.**

**SEGUNDO.-** Considerar este gasto específico e determinado, e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente o aforro en gasto de depuración de auga.

**TERCEIRO.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2012, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

**CUARTO.** - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, artigo 177 do TRLRFL e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

#### **14.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMENTO DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL**

Pola Secretaría dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratamento e aceptada polo Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

#### **<<PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMENTO DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL.**

Vista a Ordenanza con **BASES REGULADORAS PARA A ANUALIDADE 2012: PARA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL** para axudar no marco das competencias en servizos sociais os veciños en situación de emerxencia social .

Visto que a actual Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás Corporacións Locais, establece que a competencia para conceder subvencións nas CCLL corresponde ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local; e que con carácter previo ó outorgamento de subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na Lei; engadindo que as bases reguladoras das subvencións nas CCLL deberánse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións, remitindo polo tanto ó establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, e na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia;

Considerándose a Ordenanza específica instrumento normativo máis axeitado para a súa regulación, e visto o proxectos de regulamentación presentado a esta alcaldía, propónse ó Concello Pleno acèptar a urxencia desta proposición sen dictaminar para a tramitación deste expediente e a continuación adopción do seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de emerxencia social na anualidade 2011, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas de emerxencia social que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información



pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## ANEXO

.....

Explica brevemente o Alcalde os requisitos e contía para esta subvención.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de emerxencia social na anualidade 2011, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas de emerxencia social que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## ANEXO

### **ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE BOIMORTO 2012**

#### **1. - FUNDAMENTACIÓN LEXISLATIVA**

De conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, do 17 de novembro, é obxecto desta ordenanza recoller as bases da regulación das axudas municipais para paliar situacións de emerxencia social de persoas ou familias residentes no Concello de Boimorto .

#### **2. - DEFINICIÓN**

Considéranse axudas de emerxencia social ao conxunto de axudas e prestacións económicas non periódicas destinadas a paliar ou resolver, por si mesmas ou complementariamente con outros recursos e prestacións, situacións de emerxencia social e a previr situacións de exclusión social. A finalidade destas axudas é dar resposta a situacións puntuais de necesidade xeradas por emerxencia individual e familiar derivadas de gastos específicos, relativo a necesidades básicas.

### **3. - BENEFICIARIOS**

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas físicas ou unidades familiares residentes no municipio de Boimorto, cunha antigüidade mínima dun ano, o estado de necesidade do cal se atope recoñecido no momento da solicitude e que cumpra os requisitos establecidos no art. 4 desta Ordenanza.

Enténdese por unidade familiar o núcleo de convivencia que estea composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou por outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o terceiro grao e por afinidade ata o segundo grao.

Os perceptores da axúda poderán ser:

- Os propios beneficiarios.
- As persoas asignadas para a súa percepción, así como os provedores dos bens ou servizos para os que se conceda a axuda, debendo ser en tales casos, autorizado o pagamento polo beneficiario, ou cando así o considere o equipo de servizos sociais de atención primaria.

### **4. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS**

- Ser maior de idade, ou menor emancipado legalmente ou, no seu defecto, iniciar o trámite legal de emancipación.
- Estar empadroado no termo municipal de Boimorto cunha antelación mínima dun ano á solicitude. Deste período mínimo están exentos os solicitantes que acrediten unha situación de emigrante retornado ou os que anteriormente estivesen acollidos en recursos de aloxamento institucional.
- Non ter acceso a axudas polo mesmo concepto por parte doutros organismos, entidades ou administracións públicas que cubran a totalidade da necesidade pola que se solicite a prestación.
- Non solicitar ningún membro da unidade familiar estas axudas para situacións de emerxencia social durante o mesmo exercicio económico, salvo en casos excepcionais nos que a necesidade sobrevida requira atención urxente e inmediata.
- Non dispoñer de bens mobles ou inmobles distintos dos da vivenda habitual, sobre os que se posúa dereito de propiedade, usufruto ou calquera outro, que polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indique a existencia de medios abondos para atender a necesidade para a que se solicita a axuda.
- Que o cómputo total dos ingresos anuais da unidade familiar da que forma parte o solicitante sexan inferiores ao SMI vixente, incrementándose o cómputo nun 10% máis por cada membro da unidade familiar a partir do terceiro. Incrementarase un 10% máis por cada menor ou por cada persoa que teña recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

Para o cómputo dos ingresos, o Concello terá en conta a parte xeral e especial da base imponible da última declaración do IRPF. No caso de que a persoa non estea obrigada a presentar a declaración do IRPF acreditará os ingresos anuais a través de nóminas, certificados do INEM, certificados da Seguridade Social (tendo en conta por ingresos os ingresos líquidos nestes casos), percepción de subvencións, certificados de intereses bancarios ou de calquera outra forma que os servizos sociais de atención primaria considere necesaria para acreditar os ingresos. A estes ingresos descontaráselles os gastos de aluguer ou amortización da vivenda habitual.

- Atoparse en situación de emerxencia social a xuízo técnico dos servizos sociais de atención primaria municipais.

## **5. - TIPOLOXÍA E CONTÍA DAS AXUDAS**

Con carácter xeral, as axudas tramitaranse por un único concepto ao ano, e só con carácter excepcional poderán especificarse dous conceptos, en cuxos casos o importe máximo a subvencionar da axuda será o que corresponda á suma de ambos os dous conceptos, sempre que a devandita cantidade non supere o 300% do SMI mensual vixente.

Tipos de axudas:

- Necesidades básicas (alimento e vestido). Por unha contía máxima igual ao 100% do SMI mensual vixente, podendo incrementarse esta cantidade nun 10% por cada menor da unidade familiar.
- Axuda para alimentación infantil (leite) e adquisición de cueiros: axuda por importe máximo igual ao 50% do SMI mensual, incrementándose nun 25% máis a partir do segundo menor.
- Axudas para adquisición de menciñas, material oftalmolóxico e buco-dental (establecida por prescrición facultativa da Seguridade Social). Axuda como máximo ata o 75% do SMI mensual
- Axudas para pagamentos de aluguer, fianza desafiuzamento e aquelas que por valoración técnica se considere necesario no referente ao mantemento e conservación da vivenda. Contía máxima de ata dous meses o importe de aluguer e por importe máximo de 75% o SMI mensual noutros casos.
- Axudas para pagamentos do uso básico da vivenda habitual: acometida de auga, subministración de enerxía eléctrica e gas. Contía máxima de ata dous meses o importe do pagamento destas subministracións.
- Axudas para adquisición de equipamento básico de primeira necesidade para a vivenda habitual. Axudas por importe máximo do 100% do SMI mensual.
- Axudas para o pagamento dun lugar alternativo e temporal de aloxamento. O beneficiario achegará o 75% dos seus ingresos. O Concello completará a contía necesaria derivada do custo do aloxamento ata un 50% do SMI mensual como máximo.
- Axuda económica de transporte para asistir a tratamentos rehabilitadores de toxicomanías. Contía máxima de 75% do SMI mensual
- Axudas para reparacións, adaptacións, da vivenda habitual para proporcionar niveles mínimos de habitabilidade (inclúense eliminación de barreras arquitectónicas) tamén para ascensión polo

Concello de parte do custo de proxectos técnicos básicos e de execución ou memorias necesarias para obtención polos necesitados de subvencións autonómicas relacionadas con infravivenda . Cuantía máxima de 500% de SMI mensual

- Axudas para a atención de situacións de urxente e grave necesidade que non poidan ser atendidas por ningún dos conceptos contemplados nos epígrafes anteriores ou para calquera outro tipo de prestación ou axuda, tales como: limpeza extraordinaria en domicilios cando exista risco sanitario, enterramentos, desprazamento para operacións cirúrxicas, etc... ou calquera outras que sexan consideradas polos servizos sociais de atención primaria. Axustarase a contía da axuda á necesidade formulada.

## **6. - DOCUMENTACION**

- Solicitud de axuda, segundo modelo anexo , debidamente cumprimentado.
- Fotocopia do DNI ou NIF do solicitante e dos maiores de 16 anos da unidade familiar
- Fotocopia do libro de familia
- Certificado de empadramento do solicitante de máis dun ano no Concello de Boimorto.
- Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida, segundo modelo.
- Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos, segundo modelo.
- No caso de persoas con minusvalía, presentarase certificado do grao de minusvalía
- Xustificante de vivenda: Fotocopia do contrato de aluguer, fotocopia do recibo de aluguer ou xustificante de empréstimo hipotecario ou da propiedade
- Xustificantes de ingresos económicos da unidade familiar:
  1. Fotocopia da declaración do IRPF dos membros da unidade familiar con obriga de presentala, no caso de non a presentar declaración xurada neste sentido.
  2. Tarxeta de demanda de emprego e/ou certificado do INEM das prestacións por desemprego
  3. Nóminas dos dous últimos meses e fotocopia do contrato de traballo dos que realicen unha actividade laboral.
  4. Certificado de pensións
  5. Certificado de banco ou caixa de aforros que acredite os rendementos efectivos xerados por capital mobiliario do ano anterior dos maiores de 18 anos.
  6. Outros documentos específicos segundo as circunstancias ou necesidade
  7. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude lle poida ser requirida durante a tramitación
  8. Documento de domiciliación bancaria (fotocopia da libreta de aforro a nome do titular da axuda, onde aparezan os vinte díxitos que compoñen o código de conta cliente) se é pagamento directo. Se é un pagamento indirecto factura do provedor.

## **7. - FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A solicitude acompañada da documentación complementaria especificada no artigo 6, presentarase no rexistro de entrada do concello de Boimorto dirixida ao alcalde - presidente.

De xeito excepcional, os expedientes poderán ser presentados de oficio, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.

O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día seguinte ó da publicación desta Ordenanza no BOP ata o 15/12/2012.

## **8. - TRAMITACIÓN**

Unha vez recibida a solicitude, e en caso necesario, requirirase ao interesado para que proceda á subsanación de erros ou para a achega da documentación necesaria nun prazo de 10 días, facéndolle saber que no caso contrario terase por desestimada a súa petición (de conformidade co establecido no art. 71 da lei 30/1992 e do 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común), procedéndose ao arquivo do expediente.

O/a traballador/a social dos servizos sociais de atención primaria despois de comprobar as circunstancias socioeconómicas do interesado mediante valoracións cualitativas (visitas, entrevistas,...) e cuantitativas (comprobación de requisitos económicos), elaborará a oportuna proposta sobre a procedencia de denegar ou conceder a axuda solicitada, e a contía da axuda neste caso, facendo un informe proposta de concesión.

## **9. - RESOLUCION E NOTIFICACION AOS INTERESADOS.**

A solicitude, coa documentación adxunta, o correspondente informe social, e logo de fiscalización de Intervención, será elevado a Xunta de Goberno Local para que emita a resolución correspondente, na que polo menos quedará reflectido: beneficiario, concepto, contía e forma de pagamento.

En todo caso, a axuda concederase en función dos créditos dispoñibles neste Concello para estas prestacións. (crédito para o 2012 partida 23.48000 2.000€)

Por iso, non abondará para recibir a axuda con que o solicitante reúna os requisitos e condicións anteriormente sinalados, senón que será necesario, ademais, que a súa solicitude poida ser atendida tendo en conta as dotacións presupostarias existentes.

Naqueles supostos en que a situación do beneficiario presente extrema urxencia e gravidade poderá ditarse Resolución provisional ata que sexa completado o expediente. Se transcorrido o prazo establecido non completase o expediente, ou non se confirmase a urxencia, se procederá á revogación da axuda e reclamación do diñeiro percibido provisionalmente.

A resolución adoptada será notificada ao interesado no domicilio que para os efectos de notificacións figure no expediente no prazo de tres meses.

Contra a resolución ditada poderán interpoñerse os recursos pertinentes conforme á lei.

## **10. - FORMA DE PAGAMENTO**

A forma de pagamento das axudas concedidas serán en metálico, como se determine na resolución, podendo ser:

- Directas, é dicir, a favor do solicitante da axuda, por medio de transferencia bancaria ou cheque nominativo
- Excepcionalmente poderán ser indirectas, é dicir, a favor do provedor e tras a comprobación da factura correspondente, cando así fágase constar no informe do/da traballador/a social.

## **11. -XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A xustificación das cantidades subvencionadas farase de forma previa ao seu pagamento mediante:

1. Factura con todos os requisitos legais.
2. Contrato ou documento probatorio da prestación en caso de servizos prestados por persoas ou entidades non obrigadas a facturar.

Excepcionalmente, a xustificación poderá ser posterior á percepción do pagamento cando concorran circunstancias graves ou urxentes que aparezan reflectidas no informe técnico. Neste caso, o beneficiario xustificará a axuda ante o Concello nun prazo máximo dun mes da recepción do importe.

3. Se non se ten xustificada a axuda antes do 10 de decembro de cada exercicio económico entenderase que o beneficiario renuncia á axuda solicitada.

## **12. - OBRIGAS DOS INTERESADOS**

- Comunicar ao departamento de servizos sociais todas aquelas variacións habidas na súa situación sociofamiliar, que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- Destinar a cantidade percibida aos fins para os que foi concedida
- Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen para os fins para os que se concedeu.

## **13. - EXTINCIÓN E REINTEGRO**

Serán causa de extinción da axuda concedida:

- Falseamento ou ocultación de datos para obter ou conservar o dereito á axuda.
- Desaparición das circunstancias que deron orixe á súa concesión.
- Baixa do padrón municipal .
- Non presentación de facturas que deron lugar á axuda concedida.
- Falecemento do beneficiario.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo

programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

.- Procederá a revocación da subvención e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do abono da subvención ou axuda, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento da obriga de xustificar.

b) Ocultación ou falsedade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión ou obtención da subvención ou axuda sen reunir as condicións requeridas para elo ou o incumprimento de obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.

c) Incumprimento da finalidade para a que se concedeu, dado que as subvencións ou axudas de toda índole non poderán ser aplicadas a actividades distintas para as que foron outorgadas, o cal poderá ser verificado polo Ilmo. Concello de Pontedeume.

d) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.

2.- Nos casos anteriormente sinalados o Ilmo. Concello de Boimorto poderá esixir o reintegro do importe total ou parcial da subvención ou axuda ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias ás que tivese dereito a Entidade, con independencia das responsabilidades a que haxa lugar.

.- Así mesmo, procederá o reintegro do exceso, nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas outorgadas supere o coste da actividade a desenvolver polo beneficiario.

.- As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e a súa cobranza levarase a efectos segundo o establecido para este tipo de ingresos na normativa de aplicación ás entidades locais.

#### **14.-INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **15.- NORMATIVA SUPLETORIA.**

En todo o non previsto nesta ordenanza , aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións do ano 2011.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia. A presente Ordenanza consta de 15 artigos unha disposición derogatoria e unha disposición final, e foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 26 de abril de 2012.

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL 2012 CONCELLO DE BOIMORTO

#### I.- DATOS DO SOLICITANTE

Denominación <input type="checkbox"/>	CIF:
Enderezo a efectos de notificación <input type="checkbox"/>	
Teléfono/s de contacto	<input type="checkbox"/>
Nome apelidos representante <input type="checkbox"/>	
DNI	Teléfono <input type="checkbox"/>

#### II.- TIPO DE AXUDA SOLICITADA SEGUNDO BASE 5

Nome	Custo
1	
2. <input type="checkbox"/>	
3	
.....	

#### III.- RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADXUNTA ( MARCAR CUNHA X)

- Fotocopia do DNI ou NIF do solicitante e dos maiores de 16 anos da unidade familiar
- Fotocopia do libro de familia
- Certificado de empadramento do solicitante de máis dun ano no Concello de Boimorto.
- Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida, segundo modelo.
- Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos, segundo modelo.
- No caso de persoas con minusvalidez, presentarase certificado do grao de minusvalía
- Xustificante de vivenda: Fotocopia do contrato de aluguer, fotocopia do recibo de aluguer ou xustificante de empréstimo hipotecario
- Xustificantes de ingresos económicos da unidade familiar:
  1. Fotocopia da declaración do IRPF dos membros da unidade familiar con obriga de presentala, no caso de non a presentar declaración xurada neste sentido.
  2. Tarxeta de demanda de emprego e/ou certificado do INEM das prestacións por desemprego
  3. Nóminas dos dous últimos meses e fotocopia do contrato de traballo dos que realicen unha actividade laboral.
  4. Certificado de pensións



5. Certificado de banco ou caixa de aforros que acredite os rendementos efectivos xerados por capital mobiliario do ano anterior dos maiores de 18 anos.
6. Outros documentos específicos segundo as circunstancias ou necesidade
7. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude lle poida ser requirida durante a tramitación
8. Documento de domiciliación bancaria (fotocopia da libreta de aforro a nome do titular da axuda, onde aparezan os vinte díxitos que compoñen o código de conta cliente) se é pagamento directo. Se é un pagamento indirecto factura do provedor.

### **DECLARACIÓNS REALIZADAS POR SOLICITANTE**

D/Dª \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ ( NO SEU CA

#### **DECLARA:**

- .-Que estou o corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- .-Que non estou incurso en ningunha clase de inhabiliación para a obtención de subvencións conforme
- .-Que o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para o tipo de actividade para o que se solicita , p

Entidade Concedente	Cantidade solicitada	Cantidade concedida

**NINGUNHA OUTRA AXUDA ( marcar este recadro en caso afirmativo)**

\_\_\_\_\_,0

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO**

#### **15.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMENTO DE AXUDAS Á NATALIDADE**

Pola Secretaría dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratamento e aceptada polo Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

**<<PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMIENTO DE AXUDAS A NATALIDADE**





































Considerándose a Ordenanza específica instrumento normativo máis axeitado para a súa regulación, e visto o proxectos de regulamentación presentado a esta alcaldía, proponse ó Concello en Pleno aceptar a urxencia desta proposición sen dictaminar para a tramitación deste expediente e a continuación adopción do seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de axuda á natalidade da anualidade 2011, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas á natalidade que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

#### **ANEXO:**

.....

Explica brevemente a Alcaldía esta subvención. |

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:** |

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de axuda á natalidade da anualidade 2011, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas á natalidade que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## **ANEXO:**

### **ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á NATALIDADE**

#### **1. OBXECTO.**

O obxecto das medidas contempladas na presente ordenanza será, por un lado, establecer medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Boimorto e por outro, diseñar mecanismos que axuden a fixar a poboación no Concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo.

#### **2. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais/nais que estén empadroados en Boimorto e que teñan ou adopten un fillo/a e cumpran os seguintes requisitos:

- 1.-Os pais, ou polo menos, un deles, deberán estar empadroados no Concello de Boimorto cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses.
- 2.-Os nenos/as nados, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Boimorto.
- 3.-O pai/nai ou ámbolos dous deberán comprometerse a seguir empadroados no Concello, tanto eles como os nenos/as, por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción.
- 4.-O empadroamento suporá a residencia efectiva, polo que tanto os beneficiarios como os seus fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do Concello de Boimorto.

Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

#### **3. TIPOS E CUANTIAS DAS AXUDAS.**

- 1.-As axudas serán como máximo de 300 euros por cada fillo nacido ou adoptado entre o 1 de decembro de 2011 e o 30 de novembro do 2012
- 2.-No caso de nacementos ou adopcións de fillos con algunha minusvalía recoñecida nun grao igual ou superior ó 33% a cuantía da axuda poderá chegar a 500 euros.

#### **4. FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.**

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (anexo I) presentaranse no rexistro xeral do Concello de Boimorto.

As solicitudes deberán ir acompañadas, inexcusablemente da seguinte documentación (por duplicado exemplar, un deles orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, donde figure a data de alta no padrón de habitantes.
- 2.-Fotocopia compulsada do libro de familia e do DNI do solicitante.
- 3.-Copia do auto xudicial de adopción

4.-Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pola mesma finalidade.

5.-Compromiso de seguir empadroados no Concello de Boimorto por un período mínimo de catro anos.

6.-Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.

7.-Certificación dos datos bancarios donde se pretenda recibir o importe da axuda.

**Prazo:**

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ó que se produxo o nacemento ou adopción e finalizará o 30 de novembro de 2012

## **5. ÓRGANOS DE RESOLUCION E PRAZO DE NOTIFICACIÓN.**

1.-A resolución do expediente, previa emisión dos informes que procedan polo departamento de servizos sociais, competará á Xunta de Goberno Local

2.-O prazo para resolver será DUN MES desde a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.

## **6. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.**

A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse doutros organismos públicos.

## **7. FINANCIACIÓN.**

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 23.48000 do orzamento municipal para o 2012 orzamento municipal, ata un total de 2.000 euros para o exercicio.

## **8. NORMATIVA SUPLETORIA.**

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o 2012, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.

## **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Queda derrogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións de axuda á natalidade do ano 2011.

## **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a

aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A presente Ordenanza consta de 8 artigos , unha disposición derogatoria e unha disposición final, e foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 26 de abril de 2012.

## **ANEXO I**

### **AXUDAS PARA APOIO Á NATALIDADE**

Nome e apelidos do solicitante:

DNI n.º:

Enderezo:

Teléfono:

Datos do cónxuxe ou parella (se é o caso):

Nome e apelidos:

DNI n.º:

Datos do fillo/a:

Nome e apelidos:

Data de nacemento ou adopción:

#### **DATOS BANCARIOS**

Caixa ou Banco:

Sucursal:

N.º Conta (con tódolos díxitos):

Titular:

DNI:

Sinatura do solicitante ou persoa que o representa

Boimorto, ... de ... do ...

Alcalde-Presidente do Concello de Boimorto

### **COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPLIMENTO DALGUN REQUISITO**

Don/a ..., con DNI n.º ... e domicilio en ...

## COMPROMÉTOME

- A seguir empadroado e con residencia efectiva, tanto eu como o meu fillo e o meu cónxuxe ou parella, no concello de Boimorto por un período mínimo de catro anos.
- Á devolución desta axuda por si se incumpriera algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Boimorto, ... de ... do ...

Asdo.:

## DECLARACIÓN XURADA

Don/a ..., con DNI n.º ... e domicilio en ...

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que teño solicitada a axuda de ... en ...

Así o fago constar donde conveña.

Boimorto, ... de ... do ...

Asdo.:

## DECLARACIÓN XURADA

Don/a ..., con DNI n.º ... e domicilio en ...

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que non teño nin solicitada, nin recibida, nin pendente de resolución ningunha outra axuda pola mesma finalidade en ningunha administración pública ou organismo competente.

Así o fago constar donde conveña.

Boimorto, ... de ... do ...

Asdo.:

## **16.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMENTO DE AXUDAS PARA TRANSPORTE ESCOLAR**

Pola Secretaría dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratamento e aceptada polo Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

**<<PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMENTO DE AXUDAS PARA TRANSPORTE ESCOLAR**









































Considerándose a Ordenanza específica instrumento normativo máis axeitado para a súa regulación, e visto o proxectos de regulamentación presentado a esta Alcaldía, proponse ó Concello en Pleno aceptar a urxencia desta proposición sen dictaminar para a tramitación deste expediente e a continuación adopción do seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de axuda para transporte escolar da anualidade 2011, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas para transporte escolar que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederáse á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido, á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

#### **ANEXO:**

.....

Explica brevemente a Alcaldía esta subvención.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de axuda para transporte escolar da anualidade 2011, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas para transporte escolar que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederáse á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## **ANEXO:**

### **ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR.**

#### **1.-OBJECTO.**

É obxecto da presente ordenanza regular bases e convocatoria pública por parte do Concello de Boimorto, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias para facer fronte ós gastos de transporte escolar para o curso académico 2011-2012.

#### **2.-REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai ou titor dun ou varios nenos/as, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroad/a no Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo.
- b) Cursar estudos de Bacharelato ou Formación profesional, para os que sexa necesario desprazarse fóra do Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo.
- c) Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Boimorto.
- d) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Boimorto no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
- e) Así como cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non se admitirán a trámite as solicitudes que non cumpran estes requisitos.

#### **3.-CONTÍA DAS SUBVENCIONES.**

A subvención acadará os 200 euros por alumno e ano académico.

No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto prorratearase entre as solicitudes admitidas.

#### **4.-DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA.**

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, resérvase crédito na partida orzamentaria 32.48900 do Concello de Boimorto, por importe total de 3.000euros.

#### **5.-DOCUMENTACIÓN.**

Para a solicitude da subvención deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto a seguinte documentación:

- a) Solicitude normalizada (anexo I).

- b) Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor.
- c) Fotocopia do resgardo da matrícula correspondente ó curso 2011/2012.
- d) Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social (anexo II).
- e) Certificación da conta bancaria designada para o ingreso da axuda.

#### **6.-PRAZO.**

O prazo para a presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. O prazo terá carácter improrrogable.

#### **7.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

O órgano correspondente concederá as axudas e subvencións a todos os solicitantes (con límite na disponibilidad orzamentaria) que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía establecida no apartado 3 e que darase prioridade as solicitudes con número de rexistro de entrada no Concello anterior. Poderá acordarse a distribución equitativa para atender a tódalas solicitudes por importe inferior a 200€ de forma motivada.

#### **8.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES.**

Recibidas as solicitudes e comprobados os requisitos, a Xunta de Goberno Local, previo informe da educadora familiar con proposta de beneficiarios adoptará a resolución motivada que proceda. Dita proposta conterá a relación de solicitantes, as subvencións acordadas e a súa contía, e as denegadas co seu motivo.

#### **9.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

- a) Estar empadroados no Concello de Boimorto. Este extremo comprobarase de oficio polo propio Concello.
- b) Asistir ás clases. Para acreditar este extremo, no mes de xuño remítase ó Concello de Boimorto unha certificación expedida polo colexio onde se acredite a asistencia.
- c) Comunicarlle ó Concello, tan pronto como se coñeza, a concesión de subvencións solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin.
- d) Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

#### **10.-NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN.**

Unha vez concedida a subvención, procederase a súa notificación a tódolos solicitantes nun prazo máximo de 15 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderanse formular os recursos que procedan.

## **11.-DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN.**

A xustificación da subvención farase ca presentación no Rexistro xeral do concello do seguinte documento:

- a) Certificación do colexio onde se atope matriculado o estudante nos termos do apartado 9.
- b) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, se é o caso. No suposto de non presentala, entenderase que o beneficiario non obtivo ningunha.

## **12.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

12.1.-No mes de agosto de 2012 presentarase a xustificación nos termos establecidos nesta convocatoria. Este prazo é improrrogable e finaliza o 31/8/2012.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa petición, dando lugar á perda do dereito ao seu cobramento e procedéndose á anulación do correspondente compromiso, por resolución da Alcaldía.

Estes prazos, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta.

12.2.-O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificado o obxeto da subvención.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxeto da subvención e neste caso proporá que se efectúe o aboamento da subvención mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario.

## **13.-REINTEGRO.**

13.1.-Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.
- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda.
- Demáis supostos previstos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

13.2.-O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

.- Procederá a revocación da subvención e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do abono da subvención ou axuda, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificar.

b) Ocultación ou falsedade de datos ou documentos que servirán de base para a concesión ou obtención da subvención ou axuda sen reunir as condicións requiridas para elo ou o incumprimento de obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.

c) Incumprimento da finalidade para a que se concedeu, dado que as subvencións ou axudas de toda índole non poderán ser aplicadas a actividades distintas para as que foron outorgadas, o cal poderá ser verificado polo Ilmo. Concello de Boimorto.

d) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.

2.- Nos casos anteriormente sinalados o Ilmo. Concello de Boimorto poderá esixir o reintegro do importe total ou parcial da subvención ou axuda ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias ás que tivese dereito a Entidade, con independencia das responsabilidades a que haxa lugar.

.- Así mesmo, procederá o reintegro do exceso, nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas outorgadas supere o coste da actividade a desenvolver polo beneficiario.

.- As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e a súa cobranza levarase a efectos segundo o establecido para este tipo de ingresos na normativa de aplicación ás entidades locais.

#### **14.-COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións, agás as que se entreguen coa mesma finalidade.

#### **15.- NORMATIVA SUPLETORIA.**

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o 2012, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de réxime local aplicable.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións do ano 2011.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A presente Ordenanza consta de 15 artigos unha disposición derogatoria e unha disposición final, e foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 26 de abril de 2012.

#### **ANEXO I**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA TRANSPORTE ESCOLAR. ANUALIDADE 2012 CONCELLO DE BOIMORTO**

**I.- DATOS DO ALUMNO**

Denominación <input type="checkbox"/>	DNI: Data nacemento:
Enderezo a efectos de notificación <input type="checkbox"/>	
Teléfono/s de contacto	CP <input type="checkbox"/>
Nome apelidos do pai nati ou titor <input type="checkbox"/>	
DNI	Teléfono <input type="checkbox"/>

**II.- TRANSPORTE**

**PERCORRIDO A REALIZAR** \_\_\_\_\_

**TRANSPORTE EMPREGADO** \_\_\_\_\_

**¿ CANTAS VIAXES REALIZAS Ó DIA?**

**¿ CANTAS A SEMANA?**

**III.- RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADXUNTA**

.-

.-

.-

**Boimorto , \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20102 Sinatura:**

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN REALIZADAS POR REPRESENTANTE/S**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ como representante (ou a maior de idade)

**DECLARA:**

.-Que estou ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

.-Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitacion para a obtención de subvencións conforme o Regulamento.

.-Que o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas relacionadas coas subvención solicitada, proceden de fontes distintas.

Entidade	Cantidade	Cantidade
----------	-----------	-----------

Concedente	solicitada	concedida

   **NINGUNHA OUTRA AXUDA ( marcar este recadro en caso afirmativo)**

  , o    de    de 2012

**Sinatura:**

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO**

**17.- PROPOSTA APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM ARTIGO 15**

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

**<<PROPOSTA APROBACION INICIAL MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM ARTIGO 75**

Visto o expediente tramitado paa a Modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto ( A Coruña ) en relación coa redacción do artigo 75 do PXOM .

Tendo en coanta o disposto na disposición transitoria primeira 1g) da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia así como o establecido nos artigos 93 e 81.1, 84 e 85 da mesma lei e tendo en conta que non e necesario informe previo de urbanismo para proceder á aprobación inicial desta modificación .

Visto o acordo deste Pleno adoptado en data 29/04/2010, así como escrito de augas de Galicia de non incidencia desta modificación sobre o medio hídrico, e escrito da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras con entrada nº 1512 en data 14/11/2010 sobre non necesidade de sometemento á Avaliación Ambiental Estratéxica desta modificación puntual , que foi publicado en DOG de data 9/12/2010.

Vistos os informes que constan no expediente.Polo presente propono que o Pleno municipal **ACORDE** :

**PRIMEIRO** .-Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de ordenación municipal de Boimorto que afecta o seu artigo 75

**SEGUNDO**.- En aplicación do disposto no artigo 77 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística de protección do medio rural de Galicia acorda-la suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas para plantación de especies forestais: eucaliptos e coníferas en fincas clasificadas de solo rústico de protección agropecuaria que sexan colindantes con outras clasificadas de Solo Rústico de Protección Forestal, iniciando o procedemento de redacción e informe de modificación do artigo 75 do PXOM para manter a prohibición en todo o Solo Rustico de Protección Agropecuaria sen excepcións de plantación de especies forestais: eucaliptos e coníferas.

**TERCEIRO**.- A suspensión á que se refire este acordo no punto primeiro, extinguirase, en todo caso no prazo dun ano .

**CUARTO**.- Publicar este acordo Diario Oficial de Galicia e dous dos xornais de maior difusión da Provincia dando audiencia simultaneamente os municipios limítrofes

Boimorto 23 de abril de 2012

O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Explica o Alcalde a modificación para adecuar o Plan Xeral da Lei contra incendios. Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 1 do Plan Xeral de ordenación municipal de Boimorto que afecta ó seu artigo 75.

**SEGUNDO.-** En aplicación do disposto no artigo 77 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística de protección do medio rural de Galicia acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas para plantación de especies forestais: eucaliptos e coníferas en fincas clasificadas de solo rústico de protección agropecuaria que sexan colindantes con outras clasificadas de Solo Rústico de Protección Forestal, iniciando o procedemento de redacción e informe de modificación do artigo 75 do PXOM para manter a prohibición en todo o Solo Rústico de Protección Agropecuaria sen excepcións de plantación de especies forestais: eucaliptos e coníferas.

**TERCEIRO.-** A suspensión á que se refire este acordo no punto primeiro, extinguirase, en todo caso no prazo dun ano.

**CUARTO.-** Publicar este acordo Diario Oficial de Galicia e dous dos xornais de maior difusión da Provincia dando audiencia simultaneamente aos municipios limítrofes.

#### **18.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da alcaldía-presidencia dictadas entre os días; 23/02/2012 e 23/04/2012, números 36 a 105.

De forma expresa dase conta do decreto polo que se aproba a liquidación do orzamento de 2011 que se reproduce literalmente e foi lido na sesión pola secretaria:

<<**Decreto:** 41 / 2012 **Data decreto:** 29/02/2012 **Descrición decreto:** Aprobación da liquidación do orzamento municipal de 2011.

**DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )**

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo e artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2010 en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex. 2/2004 de 5 de marzo

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2011

**ORZAMENTO CORRENTE  
INGRESOS:**



CAPITULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	DEREITOS RECOÑ. NETOS	RECADACIÓN LIQ. NETA	TOTAL LIQ. ANULADAS	PDTE. DE COBRO A 31/12
<b>I</b>	207.000,00	0,00	207.000,00	218.499,00	185.132,47	0,00	33.366,53
<b>II</b>	60.000,00	0,00	60.000,00	57.326,93	53.165,61	0,00	4.161,32
<b>III</b>	173.450,00	0,00	173.450,00	173.393,23	138.327,58	1.870,91	35.065,65
<b>IV</b>	961.378,60	149.528,20	1.110.906,80	978.586,31	909.102,65	15.178,79	69.483,66
<b>V</b>	2.000,00	0,00	2.000,00	192,35	192,35	0,00	0,00
<b>VI</b>	0,00	0,00	0,00	3.434,00	3.434,00	0,00	0,00
<b>VII</b>	995.241,04	551.970,59	1.547.211,63	1.141.573,98	938.189,82	0,00	208.384,16
<b>VIII</b>	0,00	99.194,01	99.194,01	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total</b>	2.399.069,64	800.692,80	3.199.762,44	2.590.055,50	2.227.544,48	17.049,70	345.461,32

### GASTOS:

CAPITULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	GASTOS COMPROMETIDOS	OBRIGAS RECOÑ. NETAS	PAGOS LIQ. REALIZADOS	OBRIGAS PDTES. PAGO A 31/12
<b>I</b>	685.835,00	140.344,58	826.179,58	767.988,07	766.684,75	750.153,02	16.531,73
<b>II</b>	540.307,51	34.999,52	575.307,03	499.183,54	498.356,04	448.836,89	49.519,15
<b>III</b>	5.000,00	0,00	5.000,00	2.902,29	2.902,29	2.902,29	0,00
<b>IV</b>	30.500,00	6.115,00	36.615,00	21.061,18	19.750,04	16.850,04	2.900,00
<b>VI</b>	1.137.427,13	619.233,70	1.756.660,83	1.313.815,75	1.313.815,75	1.062.334,09	251.481,66
<b>Total</b>	2.399.069,64	800.692,80	3.199.762,44	2.604.950,83	2.601.508,87	2.281.076,33	320.432,54

Capítulos	Remanentes comprometidos	Remanentes non comprometidos
1	1.303,32	58.191,51
2	827,50	76.123,49
3	0,00	2.097,71
4	1.311,14	15.553,82
6	0,00	442.845,08
<b>Total</b>	<b>3.441,96</b>	<b>594.811,61</b>

### ORZAMENTOS PECHADOS INGRESOS:

	DEREITOS PENDENTES DE COBRO 31/12/2011
<b>TOTALS</b>	

### GASTOS:

	<b>OBRIGAS PENDENTES DE PAGO 31/12/2011</b>
<b>TOTA IS</b>	

### **RESULTADO ORZAMENTARIO**

1. Dereitos recoñecidos netos 2.573.005,80
2. Obrigas recoñecidas netas 2.601.508,87
3. Resultado orzamentario ( 1-2) -28.503,07
4. Gastos financiados con remanente líquido de tesourería 30.872,23
5. Desviacións negativas de financiación 0,00
6. Desviacións positivas de financiación 14.483,98

### **7. Resultado Orzamentario axustado ( 3+4+5-6) -12.114,82**

### **REMANENTE DE TESOURERIA**

**1.- (+) Fondos líquidos Tesourería a fin de exercicio 22.125,22**

**2.- (+) Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio 392.530,29**

- 1a) Do Orzamento de ingresos corrente 345.461,32
- 1b) Do Orzamento de ingresos pechados 44.087,96
- 1d) De operacións non orzamentarias 2.981,01
- (-) Ingresos realizados pendentes de aplicación 0,00

**3.- (-) Acreedores pendentes de pago a fin de exercicio 345.905,19**

- 2a) Do Orzamento de pagos corrente 320.432,54
- 2b) Do Orzamento de pagos pechados 0,00
- 2c) De operacións non orzamentarias 25.472,65
- (+) Pagos realizados pendientes de aplicación 0,00

I.- Remanente de Tesourería Total = 1+2-3= 68.750,32

II.- (-) Saldos de dubidoso cobro 6.727,19

III.- Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada= 31.572,19

IV.- Remanente de tesourería para gastos xerais= 30.450,94

**SEGUNDO.-** Da liquidación do Orzamento 2011 darase conta o Pleno municipal na primeira sesión que celebre.

**TERCEIRO.-** Da Liquidación do Orzamento remítase copia á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

Boimorto, vintenove de febreiro de dous mil doce

O Alcalde

Perante min:

A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>>

Pola Secretaría dase conta expresa do informe de morosidade que se reproduce literalmente:

## <<INFORME SOBRE EL CUMPLIMIENTO DE LOS PLAZOS PREVISTOS LEGALMENTE PARA EL PAGO DE OBLIGACIONES

Rebeca Vázquez Vázquez Secretaria- Interventora del Ayuntamiento de Boimorto de conformidad con lo dispuesto en el artículo 4.3 de la Ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales , vengo a emitir el siguiente informe:

### I.- NORMATIVA APLICABLE

- Ley 3/2004, de 29 de diciembre , por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- Ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre .
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido de la ley de las haciendas locales .
- Real Decreto legislativo 2/2011 de 14 de noviembre por el que se aprueba el Texto refundido de la ley de Contratos del Sector Público.

### II.- CONSIDERACIONES

En aplicación de lo establecido en la ley 15/2010, de 5 de julio , de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales , en el artículo 4º.3 , en cuanto a la obligatoriedad de informar sobre el cumplimiento, por parte de esta entidad local, de los plazos previstos para el pago de las obligaciones , que se concretan en los artículos 1º.3 y 3º.3 de esta ley , para el trámite que proceda se emite este informe:

El plazo al que se refiere el artículo 4.3 de la Ley 15/2010 es el establecido en el artículo 3º.3 de dicha ley y lo dispuesto en el Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de noviembre por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Publico artículo 216.4 y disposición transitoria sexta que dice literalmente :

Disposición transitoria sexta. Plazos a los que se refiere el artículo 216 de la Ley.

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 216 de esta Ley, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta Ley y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 216 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 216 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Que de la ejecución presupuestaria registrada en la contabilidad municipal sobre el total de pagos materiales realizados se obtiene la siguiente información :

A) Sobre el primer trimestre el ejercicio 2012:

a.1) Facturas o documentos justificativos pagados en el trimestre

	Dentro del periodo legal de pago	Fuera del periodo legal de pago
Número de operaciones	134	43
Importe total	44.422,29€	290.570,38€

Respecto a la información relativa al número e importe de obligaciones pendientes en las que se está incumpliendo el plazo de pago legalmente establecido se resume en lo siguientes apartados así :

a.2) Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre ( artículo 4.3 de la ley 15/2010)

	Dentro del periodo legal de pago	Fuera del periodo legal de pago
Número de operaciones	94	18
Importe total	64.712,30€	14.798,74€

a.3) Facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales al final del trimestre, han transcurrido más de tres meses desde su anotación en el registro de facturas de esta Entidad Local y no se han tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación ( artículo 5º.4 Ley 15/2010)

Número de operaciones 0  
Importe total 0€  
Importe total 0€

### III.- CONCLUSIÓN

Es cuanto tengo que informar según la normativa de aplicación proponiendo que se de traslado de este informe a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y de la Xunta de Galicia de acuerdo con lo establecido en el Ley 15/2010 así como dese cuenta al Pleno en cumplimiento de lo establecido en los artículos 4 y 5 de la Ley 15/2010, y visto escrito del Consello de contas de Galicia con entrada en este Ayuntamiento el día 7/2/2012 nº 157 infórmese sobre la documentación requerida .

Este es mi informe que emito salvo error u omisión involuntaria en aplicación de la normativa vigente.

En Boimorto el 23 de abril de 2012

La Secretaria Interventora:

Fdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, non presentandose por outros grupos mocións o grupo municipal do PsdG -PSOE expón moción de solicitude de pago á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia de subvencións pendentes expón o Alcalde cales son as subvencións pendentes e que o Concello que as ten xustificadas adiantou o diñeiro tendo que acudir a unha operación de tesourería o que prexudica a tesourería municipal nun Concello que non ten débeda a longo prazo , por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto aceptase a urxencia desta moción que se reproduce literalmente:

### <<MOCIÓN SOLICITUDE DE PAGO Á CONSELLERÍA DE ECONOMIA E INDUSTRIA DE SUBVENCIÓNS PENDENTES.

Tramitado expediente de operación de tesourería por importe de 200.000€ con Caixa Rural Galega antes as necesidades de maior liquidez desta Corporación derivadas do impago por parte da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia das seguintes subvencións xustificadas en tempo e forma :

A) Soterramento de infraestructuras eléctricas :  
55.554,07€

B) Mellora espazo mercado tradicional  
anualidade 2010/2011 : 47.058,95€

C) Primeira fase anualidade 2011 Adecuación  
de espazo tradicional : 38.446,89€

Sendo necesario o cobro de ditas subvencións ante o prexuízo que ocasiona esta situación á Tesourería municipal, saneada sen débedas relevantes pendentes e sen operacións de crédito a longo prazo vixentes.

Non existindo proposta desta Alcaldía na orde do día relacionada con este asunto e fundamentando a urxencia nas necesidades de liquidez na tesourería municipal .

En uso das facultades outorgas pola lexislación vixente en aplicación do artigo 91.3 así como 93.3 do ROF aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro PROPOÑO que o Pleno municipal acepte en primeiro lugar a urxencia da moción permitindo o debate , e se adopte o seguinte acordo:

**ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia o pago de subvencións concedidas a este Concello e xustificadas en tempo e forma e que a continuación se indican:

A) Soterramento de infraestructuras eléctricas :  
55.554,07€

B) Mellora espazo mercado tradicional  
anualidade 2010/2011 : 47.058,95€

C) Primeira fase anualidade 2011 Adecuación  
de espazo tradicional : 38.446,89€

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo se remita á Xunta de Galicia os efectos oportunos.

Boimorto, 26 de abril de 2012

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Sinala o Alcalde que igual que os Concellos non poden ter débedas tampouco á Xunta de Galicia, que alega que faltan informes e trámites esixidos pola Unión Europea para o pago destas subvencións e prexudica o Concello que non ten desculpas para non pagar e xa pagou , di que debería tamén elevarse á Presidencia esta moción . Pregunta o concelleiro do grupo mixto canto se demora habitualmente a Xunta nos pagos resposta a Secretaría con permiso da Alcaldía que non tanto como neste expedientes un do ano 2010.

Sen máis intervención por unanimidade con 11 votos a favor ; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia o pago de subvencións concedidas a este Concello e xustificadas en tempo e forma e que a continuación se indican:

A) Soterramento de infraestructuras eléctricas :  
55.554,07€

B) Mellora espazo mercado tradicional  
anualidade 2010/2011 : 47.058,95€

C) Primeira fase anualidade 2011 Adecuación  
de espazo tradicional : 38.446,89€

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo se remita á Xunta de Galicia os efectos oportunos.>>

Pola Concelleira Ana Ledo Fernández do grupo municipal do PsdG- PSOE expónse unha nova moción que se reproduce literalmente:

**<<MOCIÓN SOLICITUDE DE ATENCIÓN EN CONDICIÓNS DE IGUALDADE EN RELACIÓN CÓ RESTO DE VECIÑOS DO CONCELLO DE BOIMORTO, ÓS RESIDENTES NA MINIRESIDENCIA DO CONCELLO**

Vista a necesidade de reclamar ante á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia unha atención ós residentes da Miniresidencia de Boimorto no Centro de Saúde igualitaria no trato á existente para o resto dos nosos veciños.

Considerando que debe garantirse no Centro de Saúde de Boimorto o cumprimento estrito do establecido na Lei 8/2008, de 10 de xullo de saúde de Galicia e o respecto ós dereitos dos usuarios de ditos servizos .

Non existindo proposta desta Alcaldía na orde do día relacionada con este asunto e fundamentando a urxencia nas necesidades de atención sanitaria dos residentes na Miniresidencia de Boimorto actualmente veciños de Boimorto.

( Neste intre sendo as 21:22 horas o concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro en aplicación do establecido no artigo 96 do ROF ; 76 da lei 7/1985 de bases do réxime local e 28.2a) e e) da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común abstense e abandona o salón )

En uso das facultades outorgas pola lexislación vixente en aplicación do artigo 91.3 así como 93.3 do ROF aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro PROPOÑO que o Pleno municipal acepte en primeiro lugar a urxencia da moción ( por unanimidade acéptase a urxencia con 10 votos a favor dos concelleiros presentes 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto) permitindo o debate , e se adopte o seguinte acordo:

**ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia unha atención ós residentes da Miniresidencia de Boimorto no Centro de Saúde igualitaria no trato á existente para o resto dos nosos veciños e garantía no Centro de Saúde de Boimorto do cumprimento estrito do establecido na Lei 8/2008, de 10 de xullo de saúde de Galicia e do respecto ós dereitos dos usuarios de ditos servizos .

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo se remita á Xunta de Galicia os efectos oportunos.>>

A concelleira D.<sup>a</sup> Ana Ledo expón que se observa que ante as queixas dos usuarios do centro de saúde sobre retrasos na súa atención, os facultativos alegan que a atención os usuarios da Miniresidencia de Boimorto provoca ditos retrasos. Quere facerse constar que non e certo que cando se visitou polo facultativo D. Gonzalo Concheiro a Miniresidencia foi pola tarde e que ademais estanse poñendo travas á atención dos usuarios da Miniresidencia, os cales son agora veciños de Boimorto e merecen o mesmo trato que o resto polo centro de saúde. As ausencias dos facultativos polas mañás non son por atención á Miniresidencia, e sinala que os usuarios da Miniresidencia teñen que ter as mesmas atencións que o resto de veciños de Boimorto con independencia da cor política.

O concelleiro do grupo mixto pregunta antes de decidir o seu voto primeiro se é verdade que faltan os facultativos no seu horario no centro de saúde, e de se hai algún pacto particular con algún deles para a atención do centro, resposta o Alcalde que non ten constancia real para afirmar as faltas, continúa o concelleiro D. Xosé Luis Rivas preguntando se hai normativa que faga que os residentes da Miniresidencia teñan que ter algún coidado especial polo centro de saúde, resposta o Alcalde que él xa falou con inspección sanitaria e que lle dixeron que o cambio de cartillas e automático (aínda que se puxo algún problema dende o centro de saúde) para os novos residentes en Boimorto e que se repartirían entre os dous facultativos en función dos cupos, continúa o Alcalde sinalando que a Miniresidencia para o Sergas é un domicilio particular máis, que os seus usuarios irán o centro médico e de ser necesario recibirán visita médica na Miniresidencia como domicilio ó igual que outros veciños de Boimorto, sinala que esta foi a resposta do Xerente da Área sanitaria de Santiago.

Di o Alcalde que no seu momento dirixiuse os facultativos do centro de saúde de Boimorto para reclamar que pararan o boicot de retrasos no cambio de tarxetas, etc, e acordouse con Gonzalo Concheiro que revisaría, non como profesional do Sergas senon, particularmente os usuarios da Miniresidencia .

Sinala o concelleiro do grupo mixto que parece que esta moción e para salir do paso de comentarios e malestar di o Alcalde que si.

Sen máis intervencións con 10 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia unha atención ós residentes da Miniresidencia de Boimorto no centro de saúde igualitaria no trato á existente para o resto dos nosos veciños e garantía no Centro de Saúde de Boimorto do cumprimento estricto do establecido na Lei 8/2008, de 10 de xullo de saúde de Galicia e do respecto ós dereitos dos usuarios de ditos servizos.

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo se remita á Xunta de Galicia os efectos oportunos.

Sendo as 21:31 incorpórase o concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro.

## **19.- ROGOS E PREGUNTAS**

Pola Alcaldía dase a palabra o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas que formula as seguintes intervencións:

.- Informa ó Pleno municipal que en relación co expediente de Memoria Histórica xa foron identificados os tres corpos que apareceron en Boimorto e que pertencían a Queitán García das Quintás de Andabao, Isidro Filloy López, e Andresito Filloy de dezaoto anos.

.- Roga que o Concello solicite aclaración á Consellería competente da Xunta de Galicia respecto de papel que trae o forestal ó Concello, no que se solicita reunións con sivicultores para informar do tratamento da peste do gorgullo por fumigación aérea, e que parece ven dunha empresa privada podendo estar detrás desto ENCE celulosas de Pontevedra; e supor un uso dun pesticida que estará prohibido pola Comunidade Económica Europea no próximo ano. Di que esa fumigación será prexudicial para os cultivos ecolóxicos, as abellas e que é unha barbaridade, polo que roga se pregunte na Xunta de Galicia quen organiza esta fumigación e que dende o Concello se inste a Medio Rural en concreto ó Servizo Forestal para que faga unha aclaración desto, sendo necesario defender os intereses dos gandeiros e agricultores e o equilibrio natural deste país.

Pola Alcaldía dase a palabra á concelleira do grupo municipal do PP D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez que di:

.- Que a empresa Sanxurxo ten facturas fora do contrato que tivo co Concello sen cobrar uns 11.853 € con rexistro de entrada

.- Que quere copia do expediente completo do autobús.

O Alcalde dalle a palabra o concelleiro do PP D. Antonio Costoya Duro que roga a limpeza de aceras en Arceo e o arranxo da Ponte a Boado así como a colocación dos tubos necesarios xunto a casa de Manuel de Roxo.

O Alcalde de novo dalle a palabra o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas que roga que se celebre unha Comisión mixta de tódolos grupos municipais en relación coa supervisión do funcionamento da Residencia.

A continuación o Alcalde resposta os rogos e preguntas formulados sinalando:

Sobre a fumigación para acabar coa peste dos eucaliptos di que os papeles informativos son do forestal non teñen nin rexistro oficial nin o Concello fixo ningunha xestión en relación con este tema ou a favor de dita fumigación.

Sobre as facturas debidas á empresa Electro Sanxurxo di que non hai ningún decreto polo que se encarguen ditos traballos, que facturou trala extinción do contrato, que non se facturaron traballos de temporal, cando se lle solicitou o que fixo entraba en contrato, e que se quere veña a pedilo ó Pleno él; o rexistro non quere dicir que ditos traballos foran encargados por decreto, e se quere facer traballos que non lle foron encargados era o seu problema.

Sobre a copia do expediente do autobús, pide a palabra a Secretaria, que lle di á concelleira que se resolve por decreto, que isto non é do Pleno que se pida por rexistro como sempre.

Sobre a limpeza de aceras en Arceo, que se ve a falta, pero que se priorizan os servizos e que a xente de fora non pode mais; sobre o arranxo da Ponte a Boado que non tiña constancia de tan mal estado e que tomará medidas falando con Medio Rural etc.

En relación coa continuación da acera xunto a casa de Manuel Roxo, di que a todos os veciños lles gustaría ter unha acera de 10 m asfaltada, que sabe que perdeu votos por non arranxar esto pero que así os gañou o PP, que a lóxica fai que chegase a obra ata onde estaba por proxecto e aínda así ampliouse ata a casa deste señor, pero non pode pretender acera en todo o fronte nin debería o concelleiro que o roga traer estas cousas así sen ter información.



Sobre a solicitude de reunión dunha Comisión de tódolos grupos para control do funcionamento da Miniresidencia di en próximas datas se fará.

O Alcalde dalle a palabra ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas que di que a Ponte Brates ten moitos baches, e que non sabe se os ten que arranxar Boimorto ou Frades; resposta o Alcalde que falará co Alcalde de Frades e se é necesario bacheará.

Pola Alcaldía dirixíndose ó concelleiro do grupo municipal do PP D. Jesús Modia Serén, procédese á lectura dun escrito de Medio Rural sobre a retirada de plantación de eucaliptos por él denunciada no que se informa do bo facer do Concello no seu expediente. Protesta o concelleiro do grupo municipal sobre a falta de tramitación noutra denuncia para retirada de eucaliptos. Dille o Alcalde que parece estar aquí de concelleiro so polos eucaliptos que lle molestan, e que hai que ser sensatos e decidir o que realmente fixo o Concello. O concelleiro do grupo municipal do PP segue solicitando actuacións para retirada de eucaliptos xunto a súa casa noutra finca. Recórdalle o Alcalde que eso pasa por construír a súa casa en zona forestal.

No público asistente solicítase intervención.

Informa a secretaria que decide a Alcaldía unha vez levantada a sesión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:59 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

*E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a vinte e cinco de maio de dous mil doce.*=====

*Vº. e Pr*  
*O ALCALDE,*

*A SECRETARIA,*

*Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez*